



## **AUTOINFORME DE SEGUIMENTO**

**Grao en Lingua e Literatura Españolas- INTERCAMPUS**

**Curso Académico: Curso 2016-2017**

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
  - Dimensión 1. A xestión do título
    - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
    - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
    - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
  - Dimensión 2. Recursos humanos
    - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
    - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
  - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
    - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
    - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- Plan de Melloras
  - Abertas curso 2016-2017
    - Criterios anteriores a curso 2015/2016

<b>A) DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO</b>	
Denominación do título	Grao en Lingua e Literatura Españolas
Mencións/Especialidades	---
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	---
Centro responsable	Facultade de Filoloxía
Centro/s onde se imparte	Facultade de Humanidades
	Facultade de Filoloxía
Rama de coñecemento	Artes e Humanidades
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Non
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	27/07/2009
Data renovación acreditación	15/09/2017

## CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

### DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

#### **CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:**

**Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.**

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

**1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.**

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

#### **Reflexión/comentarios que xustificuen a valoración:**

O título mantén plena vixencia académica, científica e profesional, e axústase estritamente ao previsto na memoria de verificación, coas actualizacións necesarias. A formación ofrecida aos estudantes, actualizada e adaptada aos avances así como aos requirimentos do mercado laboral, cumpre os obxectivos, as competencias xerais e as competencias específicas establecidos na memoria de verificación. O grao de consecución dos mesmos apréciase nos índices de satisfacción dos distintos grupos de interese, comentados polo miúdo no apartado 7.2.

Como se desprende da análise exhaustiva realizada no apartado 1.4, á que se remite, o perfil dos estudantes que acceden ao GLLE é coherente coas previsións iniciais: os alumnos proceden maioritariamente do Bacharelato, teñen unha nota media elevada e a súa elección do grao é vocacional.

#### **Evolución do número de estudantes de novo ingreso**

O título conserva, e mesmo sobrepasa, o interese académico descrito na memoria de verificación do Grao en Lingua e Literatura españolas, oito cursos despois da súa implantación (2009-10) e co noveno en marcha (2017-18). A principal evidencia dese interese é o número de alumnos matriculados, que superou desde o principio as previsións iniciais. A oferta cubriuse integramente na totalidade dos cursos académicos, como se tira da serie histórica. A matrícula de novo ingreso foi de 63 alumnos en 2016-17.

Cómpre lembrar que a elevada demanda que rexistrou o título obrigou a establecer un límite de 50 prazas (cifra que esixe a Xunta de Galicia para a continuidade das titulacións, segundo o artigo 6.1 del Decreto 222/2011 que regula as ensinanzas universitarias oficiais na Comunidade Autónoma) no grupo de Santiago xa a partir do curso 2011-12, co obxectivo de garantir a calidade docente. Malia as restricións, o número de matriculados de novo ingreso superou notablemente a cifra de 50 estudantes en todos os cursos, ata o definitivo axuste do ano 2015-16, cunha matrícula de 50 alumnos, a cifra máxima establecida. O grupo docente de Lugo, que ofrecía un número máximo de 25 matrículas de novo ingreso tamén desde 2011-12 ata 2016-17 (incluído), rexistrou unha matrícula de 13 alumnos en 2016-17, cunha tendencia positiva, derivada de diversas estratexias de captación de alumnado desenvolvidas nos últimos cursos, e especificamente as vencelladas á acción de mellora AM-1, relacionadas co obxectivo de captar máis alumnado (IS 2014-15, «Proseguir coas accións conducentes a aumentar a captación de alumnado na Facultade de Humanidades, campus de Lugo», AM-1.1 a AM-1.5).

Convén sinalar, por último, que numerosos alumnos *Erasmus* e de programas de intercambio se incorporan a materias do GLLE, especialmente ás do Maior, como se indica no apartado 1.4 (epígrafe *Procedencia xeográfica*).

#### **Captación de alumnado**

A relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas alcanzou un 64% no GLLE no curso 2016-17: un 84% en Santiago e un 24% en Lugo. Uns valores tan elevados no primeiro caso poñen de relevo o efecto positivo derivado das políticas activas de información previa e captación de novos estudantes desenvolvidas en cursos anteriores.

– Na Facultade de Filoloxía (Santiago) consistiron en visitas de estudantes de ensinanzas medias e de profesores da Facultade aos institutos, dentro do programa *A Ponte*, participación nas Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional e distribución de material informativo durante as probas de acceso á Universidade e nos institutos.

– Na Facultade de Humanidades (Lugo) incluíron visitas de estudantes de ensinanzas medias dentro do programa *A Ponte*, visitas a centros de ensinanza secundaria, a celebración do *Campus de Verán Xuvenciencia* de Lugo, e a distribución de información sobre titulacións e actividades realizadas na Facultade entre estudantes de ensinanzas medias. A evolución positiva é consecuencia da implantación da acción de mellora AM-1 desde o curso 2013-14, xa mencionada, que tivo continuidade nos cursos seguintes. Esta iniciativa implicou as tarefas sinaladas, encamiñadas á captación de alumnado.

En resumo, co título plenamente implantado e tras os sucesivos axustes ou as accións de mellora xa executadas ou aínda en marcha, a demanda do GLE é sólida e demostra o atractivo do título, cuxos datos de matrícula sobrepasan as previsións de xeito considerable. Cómpre lembrar neste sentido que a memoria de verificación contemplaba 30 alumnos en 2009-10 e 2010-11, 35 en 2011-12 e 40 en 2012-13 e 2013-14, cifras amplamente superadas en todos os casos.

### **Perfil real de egreso**

Como se especifica na información do título, os titulados teñen un perfil docente maioritario, malia ser preciso realizar unha formación posgraduada específica para exercer no ámbito do ensino secundario. Os titulados tamén poden acceder ao ensino de español como lingua estranxeira, un ámbito de importancia crecente en todo o mundo, a educación permanente e o ensino de adultos, así como a docencia de Lingua, Literatura e Cultura españolas en centros e universidades estranxeiras. A formación recibida no GLE abrangue axeitadamente todos os ámbitos descritos.

Aos mencionados engádanse outros perfís profesionais relacionados co mundo editorial e coa prensa: edición de textos, crítica literaria e textual, produción editorial, corrección literaria ou de probas, asesoramento, tradución, redacción e colaboración en medios de comunicación etc. Outro ámbito de interese relaciónase coas industrias da lingua, sobre todo no ámbito das novas tecnoloxías, a mediación lingüística (intercultural, empresarial, interprofesional), o tratamento do multiculturalismo social ou as relacións transculturais. Pódense mencionar tamén outros posibles perfís profesionais dos titulados do GLE no mercado laboral: asesoramento lingüístico, peritaxe xudicial en lingüística forense, intervención e avaliación das patoloxías da linguaxe, xestión cultural e artística ou planificación lingüística. Finalmente, a formación adquirida polos estudantes da titulación fainos idóneos para a investigación lingüística e literaria en universidades españolas e estranxeiras, en institutos de filoloxía e lingüística, en arquivos e bibliotecas, así como na docencia de gramática española, lingüística, teoría literaria e literatura española en escolas superiores, universidades e outros organismos, como os centros do Instituto Cervantes que funcionan en numerosos países do mundo.

A formación que reciben no GLE habilita aos titulados para exerceren calquera das actividades mencionadas ao remate do proceso de aprendizaxe e adquisición das distintas competencias e destrezas asociadas ao título.

No que atinxe á inserción laboral, os escasos datos dispoñibles non son positivos, pero si coherentes coa situación derivada da crise económica e a precarización do emprego, que afectan tanto aos titulados do GLE como ao resto dos titulados, dentro e fóra de Galicia. Na cohorte de egresados correspondente ao curso 2013-14, obsérvase que un ano despois do egreso a taxa de afiliación chegaba ao 6,1%, e os contratos, indefinidos na súa totalidade, eran a tempo completo na metade dos casos, e a máis de media xornada na outra metade; o dato máis negativo refírese ao feito de que na totalidade dos casos os contratados figuraban nun grupo de cotización baixo e manual. A situación era un pouco mellor aos dous anos de egresar: xa cunha taxa de afiliación do 9,1%, o grupo de cotización era baixo e manual no 66,7% dos casos, pero un 33,3% dos contratados desenvolvía un traballo medio, non manual; en canto ao tipo de contrato, a metade era indefinido e temporal a outra metade, mentres que só o 33,3% traballaba a tempo completo e o resto facíao a tempo parcial.

Debe salientarse a iniciativa da Facultade de Filoloxía para mellorar a información que o alumnado ten respecto ás diferentes posibilidades de inserción laboral que poden ter no futuro, tendo en conta a importancia dos valores de inserción laboral dos egresados do título e o feito de que sexan axeitados para o seu contexto socio-económico e profesional (IS 2014-15, AM-5). Esta acción de mellora, implantada no curso 2015-16, consistiu na organización de xornadas informativas sobre inserción laboral para os estudantes de 4º curso, coa colaboración de institucións, empresas e profesionais de distintos ámbitos.

Por outra banda, como consecuencia da reflexión realizada, atópase en marcha unha nova acción de mellora encamiñada a intensificar a comunicación cos egresados, para obter datos fidedignos sobre a súa situación real e o seu grao de inserción laboral despois do egreso (IRA, AM-10). Como se prevía, a Comisión do GLE elaborou unha enquisa no curso

2017-18, que será enviada ao colectivo con este propósito desde a área de Calidade da USC. Os datos que obteñamos permitirannos ofrecer unha información máis acada en futuros informes de seguimento.

## 1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os módulos, as disciplinas e as materias cumpren estritamente as directrices esbozadas na memoria de verificación. A Comisión do GLE é, por mandato da Facultade, a responsable de velar polo seu rigoroso cumprimento, así como polo dos obxectivos formativos formulados no plan de estudos. As actividades e metodoloxías docentes, así como os sistemas de avaliación e cualificación, descritos de xeito exhaustivo nos programas e as guías das materias, garanten que os alumnos adquiren as competencias oportunas.

O número de profesores por alumno e a distribución de alumnos por grupos de docencia expositiva e interactiva son coherentes co establecido no proxecto de implantación e os criterios xerais da USC: garanten un óptimo desenvolvemento do proceso de aprendizaxe e a consecución dos obxectivos establecidos na memoria de verificación do título.

Para unha explicación máis polo miúdo, pódese consultar a información sobre oferta académica e modificacións sucesivas en diversas materias recollida no IRA de 2017.

Como no proceso de renovación da acreditación do GLE se detectaron algúns desaxustes entre a memoria verificada do grao e os programas das materias, está en execución a acción de mellora AM-1 (IRA), que consistiu no cotexo exhaustivo e permitirá aplicar as medidas correctoras oportunas nos casos necesarios.

### Consecución de competencias

O plan de estudos, coas adaptacións oportunas, ten demostrado a súa idoneidade, como se deduce dos indicadores de resultados do título, expostos en 7.1. Por outra banda, unha evidencia clara de que se acadan os obxectivos descritos na memoria de verificación atópase nos resultados das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida no GLE (véxase 7.2), en tres aspectos claramente vencellados coa adquisición de competencias xerais e específicas previstas tanto na memoria inicial como nos propios programas das materias:

1. *Motiva a participación crítica e activa dos estudantes no desenvolvemento da clase.* Os estudantes concederon no curso 2016-17 unha elevada cualificación neste apartado da docencia: un 4,08 nun baremo de 1 a 5, con índices de 4,02 en Santiago e 4,38 en Lugo.

2. *Favorece que desenvolva a miña capacidade de transmitir información, ideas, problemas e solucións nesta materia.* Os resultados son igualmente positivos neste aspecto, cunha cualificación de 3,96 no curso 2016-17 (3,89 en Santiago e 4,31 en Lugo).

3. *Propón actividades para favorecer a miña aprendizaxe autónoma (a busca de información complementaria, a realización de traballos...).* Deste terceiro aspecto tomado en consideración tamén se deduce a opinión positiva dos estudantes, que no curso 2016-17 valoraron cun 3,98 (3,91 en Santiago e 4,35 en Lugo).

A valoración do colectivo de egresados non alcanza puntuacións tan elevadas, pero debe sinalarse que en case todos os ítems tomados en consideración, relacionados coa capacidade do título para contribuir a que o estudante adquira ou potencie diversas capacidades e competencias, a cualificación sitúase arredor do 3,5 e mesmo o supera nalgún deles. En particular debe sinalarse a melloría rexistrada se se comparan os resultados dos dous últimos anos para os que existen datos definitivos, 2014-15 e 2015-16. Este colectivo de estudantes xa titulados valorou en 2014-15 cun 3,68 a capacidade para a *aprendizaxe autónoma*, aspecto que obtivo un 3,79 de media en 2016-17. No que atinxe a outras capacidades, como o *traballo en equipo* ou o *pensamento crítico*, os egresados valoraron con 3,42 e 3,50, respectivamente, en 2015-

16. O único ítem que rexistra unha puntuación en torno a 3, e polo tanto un pouco inferior a ese 3,5 xeneralizado antes mencionado, ten que ver coa capacidade para aplicar os coñecementos adquiridos e resolver problemas de xeito creativo ou orixinal no ámbito de estudio.

Cómpre sinalar, non obstante, que a participación nas enquisas por parte deste colectivo é aínda bastante baixa, polo que se están a aplicar accións para fomentar a resposta, como se recolle no Plan de Melloras da USC 2016, de aplicación tamén durante o ano 2017. O contido do devandito Plan pódese consultar no seguinte enlace: [http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/calidade/descargas/Planificacion/Plan\\_de\\_Melloras\\_2016\\_aprobado\\_29072016.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/calidade/descargas/Planificacion/Plan_de_Melloras_2016_aprobado_29072016.pdf)

Cómpre sinalar, por último, que a Fundación Everis publicou no ano 2016 o Ranking Universidad-Empresa (<https://es.fundacioneveris.com/ll-ranking-universidad-empresa-2016>), onde situaba no primeiro posto á USC nas áreas de Humanidades e Ciencias Sociais, en canto á Adaptación Competencias-Necesidades. O ranking está baseado nunha análise cuantitativa da opinión dos principais demandantes do talento: as empresas. Na área de Humanidades inclúense os graos da Facultade de Filoloxía. A noticia publicouse no Xornal da USC: [http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2016\\_06/noticia\\_0088.html](http://xornal.usc.es/xornal/acontece/2016_06/noticia_0088.html).

### Participación do alumnado en programas de mobilidade

As estatísticas relativas á participación do alumnado propio en programas de mobilidade non revelan un intercambio tan importante como o analizado no apartado 1.4, a propósito dos alumnos estranxeiros acollidos pola USC. Agás nalgúns cursos concretos, a taxa chegou a alcanzar cifras moi notables e próximas ao 5% desde a implantación do título, e foi do 4,28% no curso 2016-17. En calquera caso, a propia natureza do GLE fai del un título máis receptor que exportador de estudantes, por mor da inexistencia de títulos tan especializados en Lingua e Literatura españolas, nos países da nosa contorna, como os que se ofrecen nas universidades españolas.

As cifras absolutas indican que a mobilidade saínte do GLE rexistrou 11 saídas de alumnos propios en 2016-17. Delas, 8 foron en Santiago, 4 dentro do programa Erasmus (Italia y Polonia) e 4 no SICUE. Das tres de Lugo, 2 rexistráronse no Erasmus (Francia e Reino Unido) e 1 no SICUE.

Os índices de satisfacción dos estudantes que participaron en programas de mobilidade son positivos, e só indican a necesidade de accións específicas para a súa mellora a valoración da atención e a formación recibidas no centro de destino, que no curso 2016-17 obtivo como media unha puntuación de 2,5; idéntica avaliación presentou a facilidade para elaborar o acordo de estudos e a coordinación entre as institucións durante a estancia. Pero debe apuntarse que o Plan de Melloras da USC para 2016 recollía accións específicas para a mellora dos programas de mobilidade. O contido do Plan pódese consultar no seguinte enlace: [http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/calidade/descargas/Planificacion/Plan\\_de\\_Melloras\\_2016\\_aprobado\\_29072016.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/calidade/descargas/Planificacion/Plan_de_Melloras_2016_aprobado_29072016.pdf). Os aspectos mellor valorados, cunha puntuación de 3,5, foron a orientación e axuda recibidas no centro de orixe, así como as infraestruturas e materiais do centro de acollida.

A análise dos datos e as reflexións derivadas deles permitiron introducir accións de mellora na xestión e nos procedementos para o recoñecemento de estudos cursados ao abeiro de programas de intercambio (AM-5, IS 2013-14). En concreto, no curso 2015-16 elaboráronse táboas de recoñecemento das cualificacións outorgadas en universidades de Francia, Portugal e Polonia (AM-5.1); previamente, a Facultade de Filoloxía tiña realizado o mesmo labor a propósito das universidades doutros países europeos: Alemaña, Austria, Italia, Reino Unido e Irlanda. No mesmo curso académico e tamén no campus de Santiago, foron executadas dúas tarefas relacionadas: a elaboración dun formulario de propostas de recoñecemento de estudos de programas de intercambio (AM-5.2) e dun protocolo de actuación para os coordinadores de alumnos de intercambio (AM-5.3). Coas accións mencionadas conseguíronse dous obxectivos: sistematizar e aliviar a carga de traballo dos coordinadores académicos, e equilibrar na medida do posible os recoñecementos efectuados.

### 1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a



coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O título optimizou de xeito notable os procedementos de coordinación de materias e grupos docentes (Lugo e Santiago), así como a coordinación para a máxima eficacia formativa das prácticas externas.

#### **Coordinación**

A Comisión do GLELLE forneceu nos últimos tempos os mecanismos de coordinación interna das distintas materias, especialmente daquelas que implican a participación de varios profesores, debido á necesaria configuración de distintos grupos para as clases expositivas e interactivas. De xeito xeral, pódese dicir que cada materia dispón dun profesor coordinador sobre quen recae, en primeira instancia, a tarefa de garantir a uniformidade dos obxectivos, os contidos, e os criterios e procedementos de avaliación das competencias do alumnado. Esta tarefa de coordinación, que implica a celebración de sesións de traballo e as comunicacións frecuentes entre os profesores implicados durante o curso, complementábase con outros controis sobre a programación docente, realizados polos coordinadores de área (*Lingua española, Literatura española, Teoría da literatura e literatura comparada e Lingüística xeral*), pola Comisión do GLELLE e pola coordinación do título. Os diferentes niveis de coordinación garanten tanto a non reiteración de contidos en materias diferentes como a inexistencia de lagoas nos coñecementos adquiridos polos titulados, pero tamén a proporcionalidade entre o traballo que se esixe aos estudantes e os créditos atribuídos ás materias, evitando a acumulación excesiva de actividades nuns determinados momentos do calendario.

Ademais, e para favorecer a necesaria uniformidade nas materias sinaladas, os departamentos implicados na docencia, particularmente o que acolle as catro áreas citadas, asigna a docencia das mesmas ao menor número de profesores posible, o que, unido ás melloras aplicadas na organización de horarios, permitiu optimizar de xeito notable os labores de coordinación.

As particularidades do GLELLE, que desenvolve a súa actividade docente en dous grupos xeograficamente separados, nos campus de Lugo e Santiago, esixiu desde o principio un esforzo de coordinación. Logo de varios anos de iniciativas para a diagnose de posibles puntos febles e a implantación de accións de mellora, a coordinación é excelente na actualidade: a totalidade das materias impartidas dobremente, en Lugo e Santiago, coinciden en contidos, obxectivos e sistemas de avaliación, agás en aspectos concretos relacionados coas características diferentes dos grupos, en particular o menor tamaño dos configurados en Lugo. Os mecanismos fundamentais desenvolvidos son os que seguen:

1. Traballo conxunto das secretarías dos centros (Facultades de Filoloxía e Humanidades) en todo o que está relacionado coa xestión do título: aplicación da normativa, prazos, Traballos de Fin de Grao, prácticas externas...
2. Presenza do representante de Lugo na Comisión do título de grao en Lingua e Literatura españolas tamén na Comisión Académica da Facultade de Humanidades.
3. Elaboración consensuada do programa e a guía docente de cada materia entre o profesorado de Santiago e o de Lugo, tendo en conta as directrices do plan de estudos: obxectivos, competencias, contidos, sistema de avaliación etc. son debatidos e aprobados por todos os profesores implicados na materia (tanto os dos grupos expositivos e interactivos como os dos grupos dos dous campus). Deste xeito, e tras as preceptivas revisión e aprobación polos órganos competentes, os alumnos de ambos os grupos comparten exactamente a mesma planificación docente.

A eficacia dos mecanismos de coordinación explica os óptimos resultados obtidos por este aspecto da docencia nas enquisas de satisfacción. Os estudantes outorgaron un 3,97 á coordinación entre os distintos profesores da materia no curso 2016-17. Cómpre salientar (outra evidencia do bo funcionamento da coordinación) que o profesorado ten unha opinión semellante, e mesmo máis positiva que a dos estudantes: puntuou con 4,32 a eficacia da coordinación entre os profesores da materia en 2016-17. A valoración do PDI é un pouco máis baixa no caso da coordinación entre as distintas materias e niveis do título, ítem ó que lle outorgan unha puntuación de 3,83 no último curso analizado.

Adicionalmente, no Plan de Melloras do IRA incluíuse unha acción de mellora xeral, a AM-03, cunha tarefa específica para o GLELLE xa executada: a elaboración dun calendario da Comisión do GLELLE, consonte ao aprobado para a Comisión de Títulos de Grao e a Comisión de Calidade do centro.

#### **Prácticas externas**

O GLELLE, como o resto de títulos de grao da Facultade de Filoloxía, implantou as prácticas externas en empresas e institucións por primeira vez durante o curso 2013-14. A memoria do título non establecía a súa obrigatoriedade, pero si contemplaba a posibilidade de que os alumnos as realizasen e tivesen un recoñecemento de 6 créditos no módulo



optativo.

Desde aquela, fíxose un esforzo para incrementar a colaboración coas posibles entidades de acollida, para informar ao alumnado sobre a iniciativa e tamén para levar a cabo o necesario control académico do seu desenvolvemento. Neste sentido, unha acción de mellora do curso 2014-15 aumentou a información dispoñible para os estudantes sobre as prácticas externas (IS 2013-14, AM-7); na mesma liña, durante o curso 2015-16 implantouse na Facultade de Filoloxía outra acción de mellora, con período de execución previsto ata 2018, consistente na ampliación e mellora da oferta de prácticas externas en empresas e institucións (IS 2014-15, AM-6). No curso 2015-16, o campus de Lugo implantou a súa oferta de prácticas externas en empresas con actividade relacionada co GLE (IS 2014-15, AM-8). A acción de mellora incluíu dúas iniciativas: a sinatura de convenios con empresas e institucións da provincia de Lugo (IS 2014-15, AM-8.1) e a convocatoria de presentación de solicitudes para a realización de prácticas externas (IS 2014-15, AM-8.2). Finalmente, no IRA engadíronse dúas tarefas dentro da AM-04, xa executadas, consistentes na elaboración de fichas para que as empresas definan o proxecto formativo e a elaboración dunha guía para titores académicos e titores profesionais; e outras dúas na AM-12 do campus de Lugo, para a sinatura de convenios con novas empresas e o fomento da información entre o alumnado. Por outra banda, a Comisión de Prácticas Externas da Facultade de Filoloxía constituíuse o 12 de xaneiro de 2017, logo da súa aprobación en Xunta de Facultade de 8 de xullo de 2016.

Todas as iniciativas comentadas obtiveron resultados positivos, aínda que haberá que agardar uns anos desde a súa efectiva implantación (no curso 2013-14 para Santiago e no 2015-16 en Lugo) para avaliar o seu grao de éxito. Un primeiro indicio da boa marcha destas iniciativas é a taxa de participación dos estudantes egresados que realizaron prácticas externas: no curso 2016-17 estivo preto do 5%, pois foi do 4,88%.

Pódese consultar unha explicación máis detallada sobre os cambios introducidos na xestión das prácticas externas na web da Facultade de Filoloxía e mais no IRA.

#### **1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.**

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O perfil de ingreso establecido na memoria verificada é coherente co perfil real dos estudantes matriculados. Malia que a memoria non contemplaba unha formación específica previa, recomendábase que os estudantes tiveran cursado a modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais no Bacharelato. Ademais da mencionada recomendación académica, apuntábase a conveniencia de que os alumnos posuían curiosidade intelectual, hábito de lectura, sensibilidade estética, capacidade analítica e crítica ou competencia na expresión oral e escrita, entre outros riscos.

Malia que os aspectos sinalados eran recomendacións, e non requisitos que os alumnos tiñan que cumprir, o feito de dispor dunha matrícula moi vocacional e cunha nota media elevada incide positivamente no cumprimento xeneralizado dos citados consellos sobre o perfil dos estudantes.

#### **Perfil real de ingreso**

##### *Ensinanza de acceso*

– Segundo os datos da CIUG relativos ao último curso 2016-17 e ao campus de Santiago, o 94% dos alumnos procede do Bacharelato, e o 6% de FP. Das 181 preinscricións rexistradas, 174 pertencían a alumnos procedentes do Bacharelato e 7 de Formación Profesional; deles, foron admitidos 59 e formalizaron a matrícula 49 estudantes de Bacharelato e 3 de FP.

– Os datos de Lugo son semellantes: o 92% dos estudantes tiña cursado o Bacharelato. De 39 preinscricións, 38 procedían do Bacharelato e 1 de FP; dos 13 finalmente matriculados, 12 procedían do Bacharelato.

##### *Nota media de acceso ao título*

A nota media de acceso ao GLE (entre 5 e 14) sitúase arredor de 8 ou mesmo por riba deste valor en todos os cursos desde a súa implantación, un dato que avala a pertinencia do título e o atractivo que presenta para alumnos cun bo expediente académico. Segundo os datos recollidos pola área de Calidade da USC, no curso 2016-17 chegou a un 8,23 de media. Aprécianse lixeiras diferencias entre os grupos de Santiago e Lugo, pero as medias son positivas nos dous

casos: 8,49 e 7,15, respectivamente.

Os datos aportados pola CIUG para o mesmo curso 2016-17, con lixeiras variacións, son os seguintes:

- A nota media de admisión foi en Santiago de 8,633 para o Bacharelato e 6,619 para FP.
- En canto á nota media de acceso de Lugo, situouse en 6,928 para o Bacharelato e 7,910 para FP.

Tamén son bos os datos referidos á porcentaxe de estudantes de inicio de estudos que accederon á titulación cunha puntuación igual ou superior a 6: o 87,30% como media, pero no caso do grupo de Santiago ascendeu ata o 92,16%.

#### *Preferencia*

– Os datos de preferencia na matrícula revelan o carácter vocacional dos estudos do GLE en Santiago: 43 alumnos (82,7%) elixírono en primeira opción, 7 (13,5%) en segunda e 2 (3,8%) en cuarta.

– Tamén no caso de Lugo a elección do GLE obedece ao interese do propio estudante: 7 dos matriculados (53,8%) elixiron o título en primeira opción, e só 2 (15,4%) o fixeron en segunda, terceira e cuarta opción.

A relación de estudantes preinscritos en primeira opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas alcanzou unha taxa do 64% no último curso estudado, 2016-17. A análise dos grupos evidencia que a situación é diferente nos grupos de Santiago e Lugo: no caso do primeiro, a porcentaxe foi do 84%; en Lugo, do 24%.

#### *Procedencia xeográfica*

A procedencia xeográfica dos alumnos amosa que a práctica totalidade dos alumnos son españois e que o número de alumnos procedentes de comunidades distintas de Galicia é baixo.

Os datos aportados pola CIUG, correspondentes ao último curso do que existen datos, 2016-17, evidencian a distribución comentada:

- No caso de Santiago, 50 alumnos eran españois e 2 estranxeiros; 49 eran galegos e 1 doutras autonomías.
- No caso de Lugo, os 13 eran galegos.

Desde a súa implantación o GLE posúe un marcado carácter de título de acollida de estudantes procedentes de distintos programas de mobilidade, desde o estranxeiro e desde outras comunidades españolas. A natureza do título e a súa especialización na Lingua e a Literatura españolas explican este feito, o seu grande atractivo para alumnos que desexan mellorar a súa formación neste ámbito. Neste sentido, os datos recollidos pola área de Calidade da USC revelan o incremento da porcentaxe de alumnos estranxeiros nas aulas, que alcanzou no curso 2016-17 o 1,95%, un pouco por debaixo do 2,33 do curso anterior, cando se chegou á taxa máis elevada ata o momento. A elevada demanda de alumnos estranxeiros, entre os que se atopa un amplo grupo de orientais, obrigou a implantar medidas para manter a calidade docente e ofrecer formación axeitada a estudantes necesitados de medidas formativas específicas. A máis relevante foi a constitución de grupos de nivelación, específicos para alumnos que non alcanzan o nivel mínimo de lingua, en materias de primeiro (pódese consultar a información dispoñible na web institucional da USC: <http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/filoxia/guiacentros/arquivos/MOBILIDADE/MateriasOfertadasEstudantesNonEEES.pdf>). O interese por ofrecer a este colectivo un ensino axustado ás súas necesidades, sen comprometer a aprendizaxe dos alumnos españois, levou á área de Lingua española do GLE a iniciar un proceso de reflexión, a través da acción de mellora **AM-1** (IS 2016-17), que propón a análise do perfil de ingreso destes estudantes.

Se nos fixamos nas cifras absolutas, constátase a aceptación que o título ten non só entre os universitarios europeos senón entre os alumnos dos distintos continentes, particularmente América e Asia. Se no curso de implantación do grao, 2009-10, recibiu 18 en Santiago e 1 en Lugo, a recepción de alumnos estranxeiros multiplicouse nos cursos sucesivos, ata chegar a 129 en 2016-17, 125 en Santiago e 4 en Lugo. No primeiro caso, dos 125 estudantes recibidos 39 procedían de convenios con universidades de América do Norte e do Sur, Asia (China, Xapón, Corea, Vietnam) e, en Europa, Rusia e Suíza; 83 foron beneficiarios do programa Erasmus e procedían da UE (Alemaña, Austria, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Lituania, Polonia, Reino Unido, República Checa e Suecia) ou do resto de Europa (Noruega, Suíza e Turquía); finalmente, 3 estudantes participaban no programa SICUE e procedían de Girona e Salamanca. No caso do campus de Lugo, acolleu a 4 estudantes, tres deles dentro do Erasmus e un do SICUE.

Como se observa, a evolución da taxa dos estudantes nacionais procedentes de fóra de Galicia seguiu patróns semellantes á dos estranxeiros: no curso 2016-17 representou xa o 3,89% do total de matriculados no título.

#### *Resultados das enquisas realizadas entre alumnos de novo ingreso no GLE*

No curso 2014-15 finalizou a execución dunha acción de mellora que tiña como obxectivo adecuar a metodoloxía empregada na docencia ao perfil dos estudantes e aumentar a matrícula de novo ingreso, para o que era imprescindible coñecer a súa procedencia (cidade e centro de ensino), así como as súas preferencias na elección dun título universitario (IS 2013-14, AM-3). O devandito obxectivo foi posible grazas á distribución dunha enquisa durante a xornada de benvinda aos alumnos de novo ingreso do grao, que se converteu en práctica usual desde o curso 2014-15.

No caso do grupo de Santiago, no curso 2016-17, participaron nas enquisas 230 alumnos, dos que 47 estaban matriculados no GLLE, o que implica un incremento respecto a anos anteriores. O 82% dos enquisados elixira o seu título como primeira opción de matrícula, taxa que, no caso concreto do GLLE, foi do 85,10%, o que demostra que a decisión segue a ter un compoñente vocacional moi importante. O interese polas linguas e a lingüística acaprou o 28% das respostas á consulta sobre o motivo da elección. A continuación situáronse o desexo de aprender o idioma (22%) e a afección á literatura (22%). A meirande parte dos estudantes souberon da Facultade de Filoloxía a través da súa web (25%) ou a través dun profesor do instituto (20%). O 55% deles non coñecían a opción que ofrece a Facultade de obter dous títulos de grao en só 5 anos; diante desa posibilidade, amosaron o seu interese en cursar, como segundo grao, Lingua e Literatura Inglesas no 30% dos casos, Filoloxía Clásica no 15% e Lingua e Literatura Españolas no 14%. En canto ao tipo de actividade laboral que lles gustaría realizar unha vez rematada a carreira, o 17% sinala a docencia en linguas e literaturas no ensino secundario, o 13% a tradución e o 10% a docencia na Universidade e o traballo na industria editorial.

No caso de Lugo, 6 alumnos cubriron a enquisa; deles, 3 declararon que o GLLE era a súa primeira opción de matrícula, por razóns que podemos considerar vocacionais: o seu interese polas linguas e as literaturas. O resto manifestou telo elixido por non poderen acceder ao grao en Educación Primaria ou por eliminación.

Os datos comentados permiten apuntar as seguintes conclusións sobre o perfil real de ingreso dos estudantes do GLLE:

- O título rexistra unha demanda tan apreciable que foi necesario establecer límite de prazas para preservar a calidade da formación.
- A nota media de acceso (entre 5 y 14), maioritariamente desde o Bacharelato, é alta e sitúase por riba de 8; ademais, unha porcentaxe moi elevada dos estudantes escolleu o GLLE como primeira preferencia.
- Os alumnos que acceden ao título fano maioritariamente por vocación, como se deduce tanto dos datos de matrícula como dos resultados das enquisas realizadas entre alumnos que acceden ao GLLE por vez primeira.
- As materias de Lingua e Literatura do GLLE se atopan entre as máis demandadas nos programas de mobilidade nos que participan os estudantes estranxeiros acollidos pola USC. Cabe supoñer que esta demanda se manterá e mesmo se incrementará no futuro, tendo en conta a evolución e a importancia actual dos estudos de español.

En definitiva, os alumnos que acceden ao grao posúen un perfil caracterizado por un bo rendemento, e a súa elección é vocacional, pois optan voluntariamente case sempre por este título, cando a súa nota media lles podería permitir acceder a outros, na propia USC ou en calquera outra universidade.

Se nos fixamos na opinión do PDI sobre os estudantes de novo ingreso, hai que recoñecer que semella producirse un progresivo descenso no grao de satisfacción co nivel formativo que teñen os estudantes no momento de chegaren á Universidade; non obstante, a valoración do profesorado sitúase sempre por riba de 3, e no curso 2016-17 a media foi de 3,31.

### 1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As diferentes normativas, tanto as xerais da USC, como as particulares da Facultade de Filoloxía, aplicáronse de forma axeitada durante o curso 2016-17 e tiveron un impacto positivo nos resultados do título.

A continuación, enuméranse as normas aprobadas durante o curso 2016-17, que se engaden ás xa recollidas no IRA do GLLE, e que son de aplicación no curso 2017-18:

**Normativa do Traballo de Fin de Grao** para as titulacións de Grao en Filoloxía Clásica, Grao en Lingua e Literatura Españolas, Grao en Lingua e Literatura Galegas, Grao en Lingua e Literatura Inglesas e Grao en Linguas e Linguas e Literaturas Modernas da Universidade de Santiago de Compostela.

([http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/filoloxia/graos/TFG/arquivos/TFG/Regulamento\\_TFG\\_Filoloxa.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/centros/filoloxia/graos/TFG/arquivos/TFG/Regulamento_TFG_Filoloxa.pdf))

Foi aprobada pola Xunta de Facultade na súa sesión de 10 de xullo de 2017 e pola Comisión de Títulos de Grao na súa sesión do 19 de xuño de 2017, previo informe positivo das comisións de grao en Filoloxía Clásica, Lingua e Literatura

Españolas, Lingua e Literatura Galegas, Lingua e Literatura Inglesas e Linguas e Literaturas Modernas. Aprobada posteriormente polo Consello de Goberno de 18 de xullo de 2017.

O documento para o IRA (apartado *Normativa de TFG e TFM*, 2º parágrafo) xa sinalaba que o Regulamento de TFG da Facultade de Filoloxía estaba sendo revisado naquel momento, co fin de adecualo ao novo regulamento da USC e que entraría en vigor a partir do curso 2017-2018, como así foi.

**Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado na Universidade de Santiago de Compostela**, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de xullo de 2017.

([http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/descargas/2017\\_Normativa\\_Grao\\_Master\\_USC\\_28\\_xullo\\_Aprobado.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sxopra/descargas/2017_Normativa_Grao_Master_USC_28_xullo_Aprobado.pdf)).

Este texto ten por obxecto regular a organización dos estudos de grao e de mestrado universitario e recolle nun único documento toda a normativa existente ao respecto. O regulamento inclúe información sobre os seguintes aspectos: órganos académicos das titulacións de grao e mestrado, composición e competencias das comisións de título, procedemento e criterios para a presentación de novas propostas de titulacións de grao e mestrado e de modificacións das existentes etc.

**Acordo do Consello de Goberno sobre o recoñecemento de estudos realizados en réxime de intercambio.**

(<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/15358>)

Aprobado polo Consello de Goberno o 3 de marzo de 2017, o acordo establece o sistema de equivalencias de cualificacións para estudos cursados consonte a sistemas educativos estranxeiros, incluíndo o recoñecemento da mención de Matrícula de Honra, o recoñecemento singular de cualificacións etc.

**Instrución 1/2017 da Secretaría Xeral sobre a dispensa de asistencia a clase en determinadas circunstancias**, de 27 de abril de 2017.

(<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/goberno/secxeral/Instrucion-I-2017-sobre-a-dispensa-de-asistencia-a-clase-en-determinadas-circunstancias.pdf>)

Esta instrución recolle o procedemento para a solicitude de dispensa, as causas que poden motivar a solicitude, os criterios a ter en conta para conceder ou denegar a devandita solicitude etc.

**Resolución pola que se publica a modificación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións**, aprobada polo Consello de Goberno o 5 de abril de 2017.

(<http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Resolucion-do-5-de-abril-de-2017-pola-que-se-publica-a-modificacion-da-Normativa-de-avaliacion-do-rendemento-academico.pdf>)

Esta Resolución modifica a Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións da Universidade de Santiago de Compostela (Consello de Goberno de 15 de xuño de 2011). A modificación afecta aos artigos referidos aos procedementos de avaliación extraordinaria:

Artigo 10. Actuación de oficio da Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa delegada do Consello de Goberno.

Artigo 11. Apoio titorial extraordinario.

Artigo 12. Avaliación por un tribunal.

**Resolución Reitoral do 11 de outubro de 2016 pola que se establece o procedemento para a solicitude, tramitación e difusión de actividades recoñecibles como competencias transversais nas titulacións de grao**

(<https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/handle/10347/14919/XA1204.pdf?sequence=4&isAllowed=y>)

A Resolución articula o procedemento para a tramitación das propostas recollidas no Acordo do Consello de Goberno de 2 de xullo de 2016 sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, así como a resolución das mesmas e a xestión dos recoñecementos nos expedientes dos estudantes.

## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

**Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.**

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

**2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.**

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### **Información obxectiva, suficiente e actualizada para tódolos grupos de interese**

Como complemento da información incluída no IRA do GLE, á que se remite agora, no mes de decembro de 2017 a USC modificou a aparencia da páxina web institucional. Esta modificación, ademais de corrixir algúns erros e engadir funcionalidades, posibilita que a web se poida visualizar moito mellor en dispositivos móbiles, de uso moi estendido entre o estudantado.

#### **Valoración da información nas enquisas aos egresados**

As enquisas realizadas entre os egresados a propósito da organización académica e a información recibida sobre o título obteñen resultados moi positivos en termos xerais. No que atinxe á información e ao apoio recibidos nas actividades de acollida e presentación realizadas polo centro e o título, a puntuación foi de 4 en Santiago en 2016-17, moi por riba da media da USC, 2,84.

A percepción positiva tamén se produce na satisfacción coa información obtida na web ou na propia Facultade ou o título (web propia, presentacións etc.): 3,57 e 4,14, respectivamente, moito mellores que as medias da USC, 3,44 y 3,18. Os resultados reflicten o esforzo informativo realizado pola Facultade nos últimos cursos.

Sobre este aspecto, cómpre mencionar o posible efecto beneficioso derivado das diversas accións de mellora executadas pola Facultade de Filoloxía, rematadas no curso 2014-15, co obxectivo de aumentar e optimizar a información para os usuarios na web do centro (IS 2013-14, AM-2): información en castelán e inglés da oferta do GLE para unha maior proxección internacional (IS 2013-14, AM-2.1); información homoxénea sobre o TFG na páxina principal do grao (IS 2013-14, AM-2.1).

Por outra banda, o campus de Lugo promoveu nos últimos anos accións de mellora relacionadas coa axeitada comprensión da organización do plan de estudos do título entre o alumnado (IS 2013-14, AM-4): sesión informativa sobre os TFG para os alumnos de 4º (IS 2013-14, AM-4.1); sesións informativas sobre módulos e optativas, e sobre programas de mobilidade, para alumnos de 1º e 2º (IS 2013-14, AM-4.2 y AM-4.3).



## DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

### CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

**Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.**

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

#### 3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvolvéronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvolveuse de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvolveuse de acordo ao establecido.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No IRA (vid. acta da CCC de 30 de xaneiro de 2017) explicábase de maneira detallada cales eran os mecanismos empregados para recoller a información, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando un seguimento das mesmas. Durante o curso 2016-17 todos estes mecanismos e procedementos se seguiron e desenvolveron segundo o establecido.

Tal e como estipula o SGIC, as comisións de cada un dos títulos, a Comisión de Títulos de Grao e a Comisión de Calidade do Centro levaron a cabo o seguimento do desenvolvemento e mellora do título (vid. actas correspondentes). A composición de todas as comisións mencionadas é accesible a través da web e foise actualizando puntualmente: <http://www.usc.gal/gl/centros/filoxia/calidade/index.html>.

Desde a Facultade complementouse a información recibida desde a ACMP, especialmente no que atinxe á satisfacción dos grupos de interese, e realizáronse dúas enquisas:

1. Análise do perfil de ingreso e dos procedementos para a captación de alumnado: no Plan de Melloras da Memoria de Calidade 2015-16 da Facultade de Filoloxía incluíase unha acción para a revisión e mellora desta enquisa (AM-5), que se efectuou en setembro de 2017 e se levou a cabo na súa nova versión na sesión de benvida aos estudantes de novo ingreso do curso 2017-18.
2. Análise do proceso de elaboración e defensa do TFG: no curso 2016-17 levouse a cabo unha modificación na enquisa realizada a petición da Comisión do Grao en Lingua e Literatura Inglesas (AM-4 do IRA do Grao en Lingua e Literatura Inglesas) co fin de incluír preguntas que permitan obter información sobre a escolla das modalidades cursadas.

En relación coas enquisas de satisfacción que se distribúen desde a ACMP, cómpre lembrar que a Facultade sempre procura contribuír a un aumento na participación a través de anuncios coa información sobre o proceso de avaliación en marcha e as datas en que se poden cubrir as enquisas: na pantalla informativa do vestíbulo, con letreiros en lugares visibles e tamén a través da lista de distribución de correo electrónico do profesorado, onde se anima a todo o PDI a que lembre nas clases a importancia de participar. Estas accións continuadas no tempo teñen permitido incrementar a participación nas enquisas no últimos anos, se ben cómpre seguir insistindo nelas, ata que poida considerarse polo menos equiparable ás taxas da etapa na que as enquisas eran en papel e se distribuían na aula. No curso 2016-17 a taxa de resposta foi do 36,79, un pouco por debaixo da rexistrada no curso anterior. Así mesmo, desde o curso 2015-16 o Campus Virtual da USC incorpora aulas de coordinación de cada un dos títulos, de xeito que algúns coordinadores utilizaron tamén este medio para difundir información e documentos a todo o profesorado e estudiantado implicado na docencia/discencia do título. No caso da aula de coordinación do GLE, utilízase para distintas funcións, adaptadas aos diferentes colectivos aos que se dirixe, en concreto o profesorado e o alumnado do título:

### 1. Estudantes

- Divulgación de avisos e novidades, a través da sección de novas «Avisos da coordinadora», en particular sobre prazos de convocatorias: enquisas de satisfacción sobre a docencia recibida, cursos de formación complementaria, solicitude de liña temática do TFG e resolucións sobre esta materia, prácticas externas, programas de mobilidade etc.
- Repositorio de documentación de interese, en particular a relacionada cos Traballos de Fin de Grao: normativa, resolucións, formularios, programas de actividades etc.

### 2. Profesorado

- Avisos sobre prazos e procesos en convocatorias de distinto tipo, ás veces de interese común co colectivo de estudantes.
- Documentación diversa sobre a xestión do título, en especial a que ten que ver cos procesos de acreditación e seguimento, ou sobre a xestión académica.

Ao mesmo tempo, fornece unha canle de comunicación que permite aos estudantes contactar coa coordinación do título, para resolver calquera dúbida relacionada coa información da aula ou do propio título.

No caso do GLE, que ofrece un grupo na Facultade de Humanidades no Campus de Lugo, o SGIC marco da USC garante que todos os procesos se leven a cabo de maneira coordinada, pois establece uns procesos comúns. Ademais, a Comisión do título conta cunha persoa representante do Campus de Lugo que participa no seguimento do título, achega a información referente ao seguimento do grupo do Campus de Lugo e traslada a información ao profesorado que imparte alí a docencia.

Os procedementos de avaliación, elaboración e aprobación das programacións docentes e de queixas e reclamacións desenvolvéronse consonte o establecido no SGIC e as normas correspondentes. Todas estas normas e procedementos están recollidos no IRA.

### 3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Memoria de Calidade do curso 2016-17 elaborárase ao longo do mes de abril e prevese a súa conclusión e aprobación en maio de 2018, segundo o calendario de Calidade remitido pola ACMP. A Memoria de Calidade do curso 2015-16 foi elaborada pola CCC e aprobouse na súa sesión do 7 de marzo de 2017, para o seu envío e posterior aprobación definitiva na Xunta de Facultade de 7 de marzo de 2017. Tanto as Memorias de Calidade do Centro como os Informes de Seguimento dos distintos títulos son públicos e accesibles en <http://www.usc.gal/gl/centros/filoloxia/calidade/index.html>, de xeito que todos os grupos de interese poidan acceder a esta documentación e contribuír á reflexión.

No curso 2016-17 tivo lugar o proceso de renovación da acreditación para os cinco graos do centro, os dous mestrados interuniversitarios (iMAES e MILA) e o *Máster en Estudos da Literatura e da Cultura. O Máster en Estudos Medievais Europeos. Imaxes, Textos e Contextos* xa realizara o proceso de renovación da acreditación, no que obtivo un informe favorable, en xuño 2015 ([http://www.usc.es/filrom/wp-content/uploads/2014/09/ren\\_acr.pdf](http://www.usc.es/filrom/wp-content/uploads/2014/09/ren_acr.pdf)), de xeito que no curso 2016-17 só se someteu ao seguimento anual. Os dous Máster Mundus da Facultade non se teñen que acreditar, pois seguen un proceso de aprobación e seguimento diferente.

No que se refire ao proceso de renovación da acreditación, as tarefas de análise, reflexión e elaboración dos autoinformes desenvolvéronse entre novembro de 2016 e xaneiro de 2017 e nel participaron as comisións de todos os títulos da Facultade, coordinados a través da Comisión de Calidade do Centro (vid. actas da CCC de 29/11/2016 e 22/12/2016). Os autoinformes foron aprobados o 30 de xaneiro de 2017, en primeira instancia na CCC e



posteriormente na Xunta de Facultade. Os Informes Provisionais de Renovación da Acreditación, emitidos pola ACSUG (con data de 2 de xuño de 2017 os correspondentes aos graos, e de 9 de xuño de 2017 os dos mestrados), incluían unha valoración provisoria de cada un dos criterios avaliados e, eventualmente, aspectos que debían ser obxecto de elaboración dun plan de melloras e/ou recomendacións para a mellora en cada un dos citados criterios. Aqueles aspectos que se sinalaba que debían ser obxecto de elaboración dun plan de melloras eran de obrigado cumprimento, mais a CCC acordou tamén tomar en consideración as recomendacións sempre que fose posible e que non fosen obxecto dalgunha alegación. Na sesión do 26 de xuño de 2017, a CCC aprobou as alegacións e plan de melloras de todos os títulos de grao e mestrado. Os informes definitivos recibíronse con data de 28 de xullo de 2017, e todos os títulos sometidos ao proceso de renovación da acreditación obtiveron o informe favorable.

O informe final de acreditación do GLE recolle que se alcanzan os requisitos nas principais áreas avaliadas, as que se consideran básicas para a renovación do título: información e transparencia, recursos humanos, recursos materiais e servizos, resultados de aprendizaxe e indicadores de satisfacción e rendemento. A Comisión avaliadora estimou como aspectos especialmente positivos do grao os seguintes:

1. Faise unha boa análise do perfil de ingreso do título e puxéronse en marcha accións de mellora para incrementar a demanda no campus de Lugo.
2. Constatase que están dando resultados algunhas iniciativas de captación de alumnos, como as relacionadas co programa *A Ponte*.
3. Destaca a porcentaxe de estudantes recibidos de programas de mobilidade, o que enriquece a formación a todos os niveis.
4. Constatase o compromiso do Centro coa mellora da calidade, observando unha progresiva mellora na implantación do Sistema de Garantía de Calidade, que facilita o seguimento dos títulos.
5. O título está sostido por profesorado abondo e cualificado.
6. O PAS da Facultade de Filoloxía tamén se considera axeitado para as características e número de titulacións deste Centro.
7. Os recursos materiais, infraestruturas e servizos considéranse axeitados.
8. Destaca a elaboración de informes de abandono potencial para as titulacións.
9. Tanto os alumnos como os egresados recomendarían estudar este Grao na USC, o que demostra unha elevada satisfacción dos colectivos entrevistados, incluídos profesorado e empregadores.

Remítese ao IRA e ao informe de acreditación final, para unha relación exhaustiva das accións de mellora novas ou en fase de execución, procedentes dos informes de seguimento anteriores.

### **3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.**

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

#### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Non se realizaron modificacións do SGIC, porque se está á espera de que se complete o proceso de actualización e modificación do Regulamento de Réxime Interno da Facultade. Actualmente, a Comisión (aprobada na Xunta de Facultade de 30 de maio de 2017) está desenvolvendo os traballos de revisión, actualización e mellora do devandito documento e a previsión é que estes labores estean rematados antes da finalización do curso 2017-18.

Como consecuencia do proceso de renovación da acreditación, implantáronse dentro do criterio 3, relativo ao Sistema de Garantía de Calidade, seis novas accións de mellora: AM-02, sobre adaptación de procesos e procedementos; AM-03, sobre calendarios ordinarios das distintas Comisións; AM-04, para o incremento da participación dos estudantes nas enquisas, a través da difusión de resultados das avaliacións; AM-05, sobre enquisas de satisfacción xeral cos servizos; AM-06, sobre a posible implantación do programa Docencia; AM-07, sobre a mellora do sistema de traslado de suxestións ou queixas; e AM-8, sobre creación dun Comité Consultivo, actualmente en fase de constitución.

## DIMENSIÓN 2. RECURSOS

### CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

**Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.**

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

**4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tralallo Fin de Grao ou Tralallo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### **Cualificación do profesorado**

Na memoria de verificación do GLE deixábase constancia de que o título dispón de persoal académico idóneo para alcanzar os obxectivos formativos previstos no seu plan de estudos. A experiencia dos anos transcorridos desde a súa implantación permite ratificar o afirmado naquel momento, á vista dalgúns indicadores de especial importancia no que atinxe ao nivel de cualificación do profesorado. Como se explicará máis polo miúdo a continuación, non só se alcanzou a taxa de catedráticos prevista na solicitude de implantación, un 25%, senón que se ten superado e alcanza xa o 26,67% en Santiago no curso 2016-17, o que demostra a excelencia docente e investigadora do PDI. Debe terse en conta, ademais, que existe un volume importante de novos acreditados, que aínda non puideron acceder a unha praza de catedrático pola paralización das convocatorias nos últimos anos, pero que se agarda que o fagan a curto ou medio prazo.

#### *1. PDI doutor*

A porcentaxe de PDI doutor que imparte docencia no título sobre o total achégase xa ao 90%: representa o 88,65% no curso 2016-17, por riba da media da USC, 86,43%. A taxa de Santiago alcanzou o 89,47% en 2016-17; no caso de Lugo, a porcentaxe foi do 85,19% no curso considerado.

#### *2. PDI funcionario*

A taxa de PDI funcionario con docencia no GLE mantense por riba do 70%, malia as restricións aplicadas nos últimos anos á taxa de reposición, en relación co obxectivo de estabilidade orzamentaria. No curso 2016-17, era do 73,05%. Respecto á media da USC, 64,75% o mesmo ano, o GLE sitúase oito puntos por riba. Por campus, as taxas non rexistran diferencias acusadas: en Santiago, o persoal funcionario representaba o 72,81% en 2016-17; e o 74,07% en Lugo.

#### *3. Capacidade investigadora*

A notable capacidade investigadora do persoal docente do título, con repercusión clara na calidade do ensino, apréciase na existencia de numerosos grupos de investigación de referencia competitiva no seu ámbito, a captación de financiamento autonómico, nacional e internacional para proxectos e, tamén, o altísimo número de sexenios. Se nos

fixamos no último curso analizado, 2016-17, a taxa de persoal docente e investigador do título con sexenios alcanza unha media do 86,89% nos dous grupos de docencia: en Santiago 88,78%, e en Lugo 79,17%. A cifra media da USC está máis de catro puntos por debaixo, no 82,34%. Neste aspecto concreto, a evolución ten sido moi positiva desde a implantación do título, cun aumento de máis de 20 puntos porcentuais desde o ano 2010-11, cando era do 62,07%. Os datos actualizados do PDI que imparte docencia no título demostran que en Santiago os 38 docentes implicados na mesma (inclúense só as categorías que poden ter experiencia investigadora recoñecida, «sexenios») acumulan 108 tramos de experiencia investigadora, o que equivale a unha media de case 3 por cada un deles (2,8). En Lugo a media é de 1,4 por profesor (36 sexenios totais por 25 docentes).

#### 4. *Experiencia docente*

Debe salientarse a notable experiencia docente do PDI do título, pois os 39 que en Santiago poden ter experiencia docente recoñecida («quinquenios») acumulan un total de 187 tramos, o que supón unha media de 4,7 quinquenios por profesor. No caso de Lugo, os 26 incluídos no cómputo teñen en conxunto 113 tramos de experiencia docente, isto é, 4,3 quinquenios por docente. En conclusión, o GLE ten profesorado cunha media de case 25 anos de actividade docente en Santiago e máis de 20 en Lugo.

#### 5. *Docencia de primeiro curso e TFG*

Na docencia das materias de primeiro curso interveñen profesores con ampla experiencia docente, particularmente catedráticos e titulares. Só a xeito de exemplo, pode mencionarse que no curso 2016-17 había en Santiago, entre o profesorado responsable das materias *Lingüística 1*, *Teoría e crítica literarias*, *Lingua española 2* e *Literatura española medieval*, algún catedrático. Trátase de materias moi complexas, especialmente as dúas primeiras, transversais, que requiren a intervención de varios docentes por mor da existencia de varios grupos expositivos e interactivos. A axeitada distribución de docencia en momentos determinantes para a obtención de resultados óptimos na aprendizaxe compróbase tamén nos Traballos de Fin de Grao. No mesmo curso analizado, foron tutelados por 9 catedráticos con 40 tramos de investigación e 53 de docencia, así como 13 titulares, con 34 e 64 respectivamente. A eles sumáronse 6 contratados doutores e 1 investigador posdoutoral da Xunta de Galicia.

#### 6. *Formación e innovación docente*

A participación do PDI en cursos de formación e innovación docente non deixou de medrar desde a implantación do título. No curso 2016-17, o 24,29% do profesorado de Santiago tiña realizado algún curso, é dicir, case 5 puntos porcentuais por riba dos valores alcanzados no 2011-12. Polo contrario, este tipo de actividade alcanzou só ao 14,29% do PDI de Lugo, campo no que a evolución ten sido máis negativa.

### **Distribución de docencia**

#### 1. *Reparto de docencia por categorías*

A distribución da docencia é coherente co peso porcentual que corresponde ás distintas categorías docentes. No caso de Santiago, obsérvase que de 45 profesores totais o 26,67% son catedráticos (12) e asumen o 24,07% das horas docentes totais; estas cifras melloran as previsións da memoria de verificación, que calculaba un 25% de catedráticos, cunha taxa equivalente respecto á carga docente global. O 40% son titulares (18) e imparten o 44,43% das horas; neste caso, a previsión era do 60%, pero deben terse en conta dous posibles factores: por unha banda, a promoción de TU a CU; en segundo lugar, as restricións na convocatoria de concursos docentes, que limitou ou impediu o acceso de PDI con acreditación para TU a unha praza de funcionario nos anos da crise económica. Finalmente, o 20% son contratados doutores (9), que se responsabilizan do 23,40% da docencia; a memoria de verificación estimaba o 15% e a cobertura dunha porcentaxe semellante das horas de docencia. En canto ao profesorado de Lugo, o 7,41% (2) son catedráticos, co 12,09% das horas; o 62,96% (17) son titulares, co 62,75% da docencia; e o 14,81% (4) son contratados doutores, co 9,72% da carga docente.

#### 2. *Estudantes por grupos*

Os valores medios de alumnos por grupos de docencia son axeitados e axústanse tanto ás previsións establecidas na memoria de verificación como á programación académica anual da USC. Loxicamente, e por mor das características diferentes dos grupos de Lugo e Santiago, o primeiro deles ten unha matrícula máis pequena, o que trae consigo a existencia dalgunha diferenza nas medias dos grupos de docencia expositiva e interactiva entre eles. Non obstante, en ambos casos os recursos abundan para unha axeitada atención ao alumnado.

No curso 2016-17 a media nos grupos teóricos era no GLE de 21,98 (59,93 na USC) e de 14,86 (22,62 na USC) nos interactivos, sempre por debaixo dos valores medios na universidade: en Santiago, 31,89 e 17,95; en Lugo, situábase en 8,89 e 8,48, respectivamente.

Os datos reflicten o cumprimento dos compromisos de mellora do PDI implicado na docencia, tanto na taxa de doutores como no número de alumnos por profesor, e tamén a evolución positiva da formación docente e investigadora. O cese progresivo das restricións impostas nos últimos anos para a contratación de profesorado, cando as taxas de reposición foron mesmo do 0%, pode permitir a estabilización e a promoción dos docentes, cunha mellora lóxica nos valores óptimos xa comentados.

### **Programa de formación e innovación docente do profesorado da USC**

A USC conta cun **Programa de Formación e Innovación Docente** (<http://www.usc.es/gl/servizos/pfid/index.html>), que cada curso académico inclúe diferentes cursos distribuídos nos dous cuatrimestres. A oferta, ampla e variada, contén iniciativas relacionadas coas TIC aplicadas á docencia, estratexias de ensino-aprendizaxe, avaliación, tutoría e orientación. Xunto a esta oferta xeral de formación que depende do PFID, os centros e os departamentos poden propor e financiar outras actividades formativas.

Neste aspecto, o esforzo realizado desde a Universidade para ampliar e diversificar a oferta nos últimos anos tivo os seus froitos, cun incremento de seis puntos porcentuais na participación do PDI nos plans de formación da USC. A melloría rexistrada reflicte tamén unha meirande concienciación do persoal docente sobre a necesidade de adquirir novas destrezas docentes e tecnolóxicas para un mellor desempeño do seu labor. Se se detalla por grupos, obsérvase que o aumento na participación do PDI en cursos de formación e innovación docente chegou ata os cinco puntos no caso de Santiago, desde o 19,85% no curso 2011-12 ata o 24,29% no 2016-17. Polo contrario, en Lugo produciuse un descenso progresivo, desde o 29,63% en 2011-12 ata o 14,29% no último ano analizado. Convirá analizar as causas desta redución, se se constata que persiste esta tendencia das taxas no futuro. A Facultade de Humanidades implantou no curso 2015-16 unha acción de mellora para conseguir un mellor aproveitamento das TIC e os recursos de apoio á docencia, en particular a pizarra dixital (AM-2), cunha acción formativa dirixida ao PDI.

Os datos de satisfacción do profesorado coas actividades formativas desenvolvidas son moi positivos, con valoracións que superan sempre o 4 nunha escala comprendida entre 1 e 5: en 2016-17 a cifra alcanzou o valor de 4,35.

Pódese supoñer que a participación e satisfacción do PDI cos cursos están relacionadas co grao de satisfacción global co profesorado da titulación, que é, na opinión do colectivo de egresados, superior á media da USC. No curso 2016-17 este aspecto recibiu unha puntuación de 4, fronte ao 3,05 da USC.

No IRA incluíronse dúas accións de mellora relacionadas coa formación do PDI: a AM-6, que desenvolve un programa específico para o profesorado da Facultade de Filoloxía, co obxectivo de mellorar a súa docencia; e a AM-15, adaptada ás necesidades específicas do profesorado da Facultade de Humanidades de Lugo.

### **Mobilidade docente, visitantes, actividades de difusión e investigadores en formación**

#### *Campus de Santiago (Facultade de Filoloxía)*

No curso 2016-17 participou en programas de **mobilidade docente** o 7,27% do profesorado do título, taxa que evidencia un crecemento progresivo deste tipo de actividade e que é a máis alta desde a súa implantación, no curso 2009-10.

#### **1. Mobilidade do profesorado**

Ao longo do curso 2016-17 tiveron lugar unhas 426 accións de mobilidade do PDI do centro (na mesma liña dos cursos anteriores: 2014-15: 425; 2015-16: 430):

- a. Investigación. A maior parte das accións realizadas gardan relación coa formación e coa investigación (asistencia a congresos, estadias de investigación etc.): 374 accións (88% aprox. do total).
- b. Docencia noutras universidades: 1 acción.
- c. Asistencia a reunións de organismos de avaliación, tribunais de teses de doutoramento etc.: arredor de 51 accións.

#### **2. Profesores / investigadores visitantes**

Durante o curso 2016-17, a Facultade acolleu a un total de 16 profesores / investigadores visitantes, procedentes de

universidades de Alemaña, Brasil, Irlanda, Italia, Polonia e Suíza, así como doutras universidades españolas (A Coruña, Granada, Murcia, Valencia e Vigo). Estes profesores desenvolveron actividades de investigación e docencia no noso centro. A maior parte destes investigadores (9 de 16) realizaron estadias superiores a un mes de duración.

### 3. Actividades de difusión da actividade investigadora celebradas na Facultade

Durante o curso 2016-17 celebráronse na Facultade un total de 68 eventos, que inclúen congresos e simposios (varios deles de carácter internacional e coa participación de numerosos investigadores estranxeiros), seminarios, conferencias, cursos e xornadas, algúns deles deseñados como actividades formativas para estudantes de grao e posgrao e outros dirixidos á formación continua do profesorado e do persoal investigador en formación.

### 4. Incorporación de persoal investigador en formación

Durante o curso 2016-17 a Facultade incorporou ao seu persoal en formación 11 novos contratados predoutorais a través dos diferentes programas de captación en convocatorias competitivas nacionais (FPU, FPI) e autonómicas (Axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego). A cifra total de persoal deste tipo adscrito ao centro durante o curso 2016-17 é de 34.

#### *Campus de Lugo (Facultade de Humanidades)*

No caso do campus de Lugo, tamén se fai perceptible a crecente participación do PDI en programas de mobilidade docente. As taxas de 2016-17 alcanzaron o 14,29%, porcentaxe moi elevada e en constante crecemento. Dada a importancia desta faceta, o campus de Lugo perfeccionou o sistema de rexistro das accións de mobilidade docente e investigadora, a través dunha acción de mellora executada no curso 2014-15 (AM-9), que pode ter influído na evolución sinalada.

## **4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.**

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

O cadro de persoal de administración e servizos da Facultade de Filoloxía é suficiente para atender as necesidades fundamentais do centro. Non experimentou ningún cambio durante o curso 2016-17. En todo caso, a Facultade reitera a necesidade dun/dunha técnico informático/a que se encargue do mantemento do equipamento técnico, fundamentalmente informático e audiovisual, de apoio á docencia instalado nas aulas, seminarios, aulas de informática, salas de videoconferencia e laboratorios de idiomas, así como apoio técnico para a incorporación de novas tecnoloxías a usos docentes.

No que se refire aos resultados das enquisas de satisfacción, a participación descendeu moderadamente (do 64% do curso 2015-16 ao 57,7% do curso 2016-17). Polo que atinxe á satisfacción co «Posto de traballo», as valoracións mantéñense practicamente iguais en todos os ítems ou mesmo ascenden lixeiramente en «Sintome parte dun equipo de traballo». A satisfacción coa «Dirección da unidade», a «Comunicación», os «Espazos e recursos», a «Formación» e «Satisfacción global» seguen moi próximos aos valores alcanzados no curso anterior e, en xeral, á media xeral da USC. Se cadra os resultados que presentan unha baixada da puntuación máis acusada son os que teñen que ver coa «Implicación na mellora», pero haberá que esperar aos resultados vindeiros para constatar se se trata dunha baixada puntual (que, en calquera caso, non chega ao medio punto) ou se se confirma unha tendencia descendente.

Polo que se refire á participación do PAS en actividades formativas, cómpre sinalar que as tres persoas máis directamente implicadas nas cuestións de Calidade realizaron o curso «Manexo da aplicación de axuda ao sistema de xestión (AASX)», dando así cumprimento a unha das tarefas incluídas na AM-9 do Plan de Melloras da Memoria de

#### Calidade 2015-2016.

A asistencia do PAS da Facultade de Humanidades a cursos de formación é necesaria para axudar á mellora da xestión do centro no que prestan os seus servizos. A porcentaxe de PAS que realizou algún curso de formación organizado pola Universidade no Campus de Lugo foi do 50%, unha porcentaxe inferior ás dos últimos cursos académicos. Neste caso, a satisfacción global da totalidade do PAS da USC coas actividades formativas realizadas foi de 3,99. En relación ao grao de satisfacción do PAS de Lugo co traballo desenvolvido, resulta moi elevado no desempeño do seu traballo (4,00). A taxa de resposta foi de 33,3%; aínda que se trata dun valor aceptable, é sensiblemente inferior á dos cursos anteriores.

O IRA incluíu tamén accións de mellora específicas para o persoal de administración e servizos: a AM-7, con cursos sobre calidade e uso instrumental do inglés en Santiago; e a AM-16, sobre seguimento da calidade para o PAS de Lugo.



**DIMENSIÓN 2. RECURSOS**

**CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:**

**Estándar:** Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

**5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.**

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Ofrécense a continuación datos referidos ás actuacións e melloras na Facultade de Filoloxía correspondentes ao curso 2016-17, que complementan ou actualizan a información que preparamos para o IRA do GLLLE o curso pasado, á que remitimos para datos sobre espazos, biblioteca, melloras nos equipamentos e infraestruturas docentes, campus virtual, accesibilidade e prevención de riscos e servizos de orientación e atención ao estudantado.

**Biblioteca:** os datos correspondentes ao ano 2017 son os seguintes, segundo a información proporcionada pola dirección da Biblioteca da Facultade:

- Títulos de monografías ingresadas en 2017: 2.083
- Total títulos de monografías en papel a 31/12/2017: 161.349
- Total de volumes de monografías en papel a 31/12/2017: 200.259
- Total títulos de publicacións periódicas en papel: 2.731
- Títulos de publicacións periódicas en papel en curso de recepción: 417



Títulos de publicacións periódicas ingresadas: 398

Total documentos catalogados en 2017: 3.606 (1.804 monografías, 8 publicacións periódicas, 1.794 analíticas de monografías e de publicacións periódicas)

Volumes prestados no centro (2016): 53.998

### **Melloras no equipamento e infraestruturas**

Durante o curso 2016-17 continuouse coa política que vén desenvolvendo a Facultade nos últimos anos de mellora constante das súas infraestruturas e do seu equipamento para a docencia. As melloras máis significativas do curso obxecto de informe son as seguintes:

Renovación de equipamento informático: ordenadores e canóns en aulas e seminarios de docencia; sistema de amplificación de aulas; novos sistemas de proxección para o Salón de Graos e o Salón de Actos; substitución dos auriculares da aula de informática de docencia (D02).

Acondicionamento dos espazos docentes: eliminación dos armarios nas aulas pequenas; vernizado das tarimas e pintura das portas das aulas; instalación de enchufes nas dúas primeiras bancadas das aulas e nos seminarios.

Adquisición de mobiliario: bancadas corredores; cadeiras despachos.

Mellora dos fondos bibliográficos da biblioteca da Facultade (6.000 € do orzamento descentralizado do ano 2017).

Tamén se realizaron melloras no equipamento e nos espazos da Facultade de Humanidades de Lugo dedicados á docencia:

Substitución de equipos informáticos y material audiovisual en varias aulas, e instalación e actualización do software necesario para cubrir as necesidades docentes do profesorado, co fin de mellorar os medios utilizados para a dispensa das clases.

Dotación dunha pizarra para o Laboratorio de Idiomas.

Cambio de luminarias led para aforro enerxético.

Substitución de equipos informáticos obsoletos para o profesorado e PAS.

Co obxectivo de que os recursos materiais existentes nos espazos da Facultade dedicados á docencia sexan adecuados para un bo desenvolvemento da actividade docente, seguirase traballando nesta liña mediante a renovación do equipamento informático das aulas e seminarios de docencia.

Realización de obras de reparación para solucionar os problemas de humidade e filtracións que causaron un importante deterioro das instalacións da Facultade.

### **Servizos propios da Facultade de Filoloxía de orientación e atención ao estudantado**

Durante o curso 2016-17, a Facultade aprobou un **Plan de Acción Titorial (PAT)**, que formalizou así a política activa de orientación e atención ao estudantado que viña desenvolvendo dende hai anos por medio de accións a distintos niveis e que constituían, na práctica, un Plan de Acción Titorial. O deseño e posta en marcha do PAT foron acordados pola CCC na súa reunión de 29/11/2016 (Acción de Mellora nº 3 da Memoria de Calidade do Centro do curso 2015-16; data de finalización prevista: 31/07/2017). O PAT foi aprobado pola CCC o 07/03/2017 e posteriormente pola Xunta de Facultade o 07/03/2017.

A continuación ofrécese un resumo das actividades incluídas no PAT durante o curso 2016-17:

#### **Actividades de información e divulgación da oferta docente da Facultade:**

1. *Participación do PDI da Facultade en distintas actividades do programa A Ponte entre o ensino medio e a USC.* Datos extraídos da **Memoria A Ponte entre o ensino medio e a USC 2016-2017** ([http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/futuros/aponte/descargas/memoria\\_aponte\\_2016-17.pdf](http://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/perfis/futuros/aponte/descargas/memoria_aponte_2016-17.pdf)).

Charlas temáticas nos centros de ensino medio de Galicia.

Encontros na USC 2016-17. Os días 7, 8 e 9 febreiro de 2017 celebráronse os Encontros da USC no Campus de Santiago de Compostela, nos que participaron un total de 4.140 estudantes de 70 centros de ensino secundario de toda Galicia. Con esta iniciativa os estudantes de ensino medio poden recibir información sobre os estudos nos que están máis interesados (contidos, saídas profesionais etc.) e visitar o centro onde queren estudar. Visitaron a Facultade de Filoloxía un total de 335 estudantes, que foron recibidos polos responsables do centro, os coordinadores dos títulos de grao e mencións, ademais da alumna titora.

2. *Participación nas XXV Xornadas de Orientación Universitaria e Profesional* organizadas polo Servizo Municipal de Educación do Concello da Coruña (presentación da oferta académica da Facultade a estudantes de ensino medio). 06/04/2017. Profa. Patricia Fra López.

3. *Distribución de material impreso sobre a oferta académica da Facultade* (trípticos e marcapáxinas) en todos os centros de ensino secundario, públicos e privados, de Galicia (primeira semana de maio de 2017).

#### **Actividades de acollida e orientación a estudantes propios:**

1. Sesión de benvida aos *estudantes de novo ingreso* (12/09/2016).

2. Xornada informativa sobre a *oferta de módulos complementarios e optativos* para o seguinte curso dirixida a estudantes de primeiro e segundo cursos (24/04/2017).

3. Sesión informativa sobre o *TFG* para estudantes de cuarto curso (14/09/2016).

4. Sesións informativas sobre as convocatorias de *programas de mobilidade* de estudantes (en colaboración co persoal do Servizo de Relacións Exteriores da USC) e sobre o procedemento de asignación de prazas do programa Erasmus, dirixidas a estudantes de segundo e terceiro cursos (30/11/2016 e 14/12/2016).

5. Xornada informativa sobre a *oferta de estudos de mestrado* da Facultade para o seguinte ano dirixida a estudantes de cuarto curso (24/04/2017).

6. Sesión informativa sobre o programa de *prácticas externas* para os estudantes dos títulos de grao da Facultade (15/09/2016).

#### **Actividades de acollida e orientación a estudantes alleos**

Actos de recepción dos estudantes procedentes da República Popular de China ao inicio de cada cuadrimestre (VR de Internacionalización e membros do equipo decanal) (14/09/2016 e 01/02/2017).

## DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

### CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

**Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.**

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

#### 6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O seguimento permanente do título e os datos dispoñibles desde a súa implantación evidencian que o GLE pon a disposición dos seus estudantes un proceso formativo que culmina coa adquisición das competencias previstas na memoria de verificación. O cumprimento de obxectivos de aprendizaxe é consecuencia do conxunto configurado polas actividades académicas, as metodoloxías docentes aplicadas, os sistemas de avaliación e cualificación. Os resultados obtidos nos anos analizados demostran non só o rigoroso cumprimento do programa formativo, senón tamén unha estrita adecuación ao nivel MECES. Por outra banda, a análise da información obtida nos distintos cursos ten permitido implementar as medidas de mellora necesarias no plan de estudos, o que redonda nunha maior eficiencia do título.

#### Resultados nas materias de primeiro curso

##### *Campus de Santiago*

A análise dos resultados de aprendizaxe dos estudantes en Santiago demostra que as taxas máis elevadas de suspensos e non presentados se rexistran no primeiro curso, e é posible que estean relacionadas coas de abandono, relativamente importantes nese nivel (véxase 6.2). Cómpre ter en conta, non obstante, que as taxas máis baixas do primeiro curso constitúen un feito habitual, debido a factores como o cambio de ciclo, o necesario proceso de adaptación do alumnado a un novo sistema de estudo etc. Agás algunha excepción, non parece que poida vencellarse o fracaso a ningunha materia en particular. Malia existiren algunhas que na serie histórica do GLE parecen implicar un maior grao de dificultade para os alumnos, non se pode deducir a existencia de problemas nin tampouco a necesidade de intervención ningunha. As que destacan no último curso son *Lingua latina 1*, cun 33,33% de suspensos en 2016-17; *Lingua inglesa 2*, cun 36,59%; *Lingua galega 2*, cun 31,58%. Nalgunha materia illada, en cursos específicos, as porcentaxes de suspensos ou non presentados son elevadas, como sucede en *Literatura española: Ilustración e Romanticismo*, cun 35,85% de suspensos, pero non se pode falar dunha tendencia nin dun problema persistente.

Se nos fixamos nas taxas de rendemento, que se analizan no apartado 7.1 para o conxunto do título, atopamos en Santiago algunhas materias con índices moi baixos, arredor do 30%. No curso 2016-17, é o caso de *Lingua francesa 4* (25%) ou *Xéneros literarios italianos: lírica* (33,33%); xa en cursos máis avanzados, *Introdución á gramática francesa* (28,57%) e *Lingua inglesa 3* (25%). Con todo, a variación nas materias con rendementos baixos nos distintos cursos evidencia que non existe un problema permanente en ningunha delas que aconselle unha posible intervención.

##### *Campus de Lugo*

No caso do campus de Lugo tamén resulta complicado establecer comportamentos constantes nos resultados por materias, porque os maiores índices de suspensos e non presentados non coinciden nas mesmas disciplinas en cursos sucesivos. Como ocorrera en cursos anteriores en Santiago pero non no último analizado, as materias máis

afectadas foron as de primeiro, un curso no que a presenza de estudantes que non elixiron o GLE como primeira opción pode influír e, ademais, favorecer o abandono. No grupo de Lugo destaca o caso da materia *Introdución á historia da literatura española*, cun 38,89% de suspensos, e *Literatura española medieval: desde as súas orixes ata o século XIV*, cun 42,11%. Como se adiantaba, non semella posible detectar problemas de aprendizaxe específicos en materias concretas, senón a variación de resultados esperable en calquera grao, cuxos estudantes son sempre heteroxéneos.

### Resultados do TFG

Os resultados do TFG reflicten a idoneidade do proceso de aprendizaxe, con taxas de superación da materia moi elevadas. A taxa de rendemento desta disciplina foi en Santiago do 58,06% no curso 2016-17, a mesma que a taxa de avaliación; a taxa de éxito acadou o 100%. No caso de Lugo a taxa de rendemento aínda foi máis elevada: o 62,5%, coincidente coa taxa de avaliación; a de éxito chegou ao 100%.

Só cómpre sinalar a existencia de índices de «non presentados» un pouco elevados en Santiago: o 22,58% no 2016-17. A taxa de renuncias foi do 19,35%. Obsérvase unha progresiva tendencia á baixa na porcentaxe de «non presentados»; se se confirma nos cursos seguintes, a taxa chegaría a niveis aceptables, pero, no caso contrario, habería que analizar se a carga de traballo é a axeitada ao longo do grao, e especialmente no último curso, ou limita as posibilidades de que os alumnos conclúan con éxito en 4º a materia do TFG. En calquera caso, debe terse en conta que a normativa de permanencia impide aos alumnos presentar o TFG no caso de que teñan pendente algunha outra materia do plan de estudos. En Lugo o índice situouse no 12,50%; a taxa de renuncias foi do 25%.

No curso 2016-17, foron defendidos no grupo de Santiago 37 TFG, con resultados que confirman a adquisición das competencias descritas na memoria de verificación do título: non houbo ningún suspenso, o 3,23% foi cualificado cun aprobado, o 22,58% cun notable, o 20,97% cun sobresaliente e o 4,84% cunha matrícula de honra. Tamén en Lugo se pode confirmar que os alumnos demostran ter adquirido as destrezas previstas, á vista dos resultados da avaliación dos 5 TFG que foron defendidos o curso pasado: obtiveron un aprobado o 25% dos alumnos, un notable o 12,5%, un sobresaliente o 12,5% e unha matrícula de honra o 12,5% (véxanse os documentos E24: Listado TFG Santiago e Listado TFG Lugo, na lista de evidencias do criterio 6, que contén o título, a cualificación e o titor de cada traballo).

Cómpre lembrar que a Facultade de Filoloxía elaborou un protocolo de actuación para os membros dos tribunais de TFG, debido á complexidade administrativa e académica dos procesos de elaboración e defensa, dentro da acción de mellora AM-6, executada no curso 2014-15. Esta iniciativa seguirá a ter un efecto positivo no proceso e os seus resultados.

### Valoración do programa formativo

As enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida demostran a idoneidade da actividade académica desenvolvida, e tamén o cumprimento dos obxectivos do programa formativo, como se explica no apartado 7.2. Son interesantes algúns aspectos concretos vencellados á aprendizaxe prevista e conseguida polos alumnos no curso 2016-17:

1. Os estudantes puntúan cun 4,35 (4,33 en Santiago e 4,46 en Lugo) o *cumprimento do programa da materia e o plan de traballo* previsto.
2. A motivación da *participación crítica e activa dos estudantes* no desenvolvemento da clase obtén un 4,08 (4,02 en Santiago e 4,38 en Lugo).
3. Un 3,96 (3,89 y 4,31, respectivamente) é a puntuación asignada ao *desenvolvemento da capacidade do alumno para transmitir información, ideas, problemas e solucións na materia*.
4. Á pregunta de se o profesor propón actividades para favorecer a *aprendizaxe autónoma do alumno*, este outorga unha puntuación de 3,98 (3,91 en Santiago e 4,35 en Lugo).
5. Valórase cun 4,06 (4,02 en Santiago e 4,27 en Lugo) a *boa organización das clases e a explicación clara para facilitar a comprensión da materia*.
6. A *capacidade do profesor para resolver as dúbidas formuladas polos alumnos* puntúase con 4,42 (4,38 e 4,64, respectivamente).

Tamén son óptimos os indicadores de resultados, que se analizan de xeito pormenorizado no apartado 7.1. En termos xerais, as cifras sitúanse nos valores establecidos na memoria de verificación e mesmo melloran as previsións, como sucede coa taxa de graduación, a duración media ata a titulación ou a eficiencia dos estudantes. Ademais, en moitos dos aspectos avaliados, os resultados do GLE son mellores que a media da USC. Unicamente as taxas de abandono no primeiro ano presentan valores merecedores de análises e accións de mellora, pois, ademais de seren moi elevadas, presentan unha clara evolución crecente que debe ser contrarrestada; neste sentido, cómpre recordar que

se atopa en execución unha acción de mellora que ten como obxectivo a diminución desas taxas (IS 2014-15, AM-4). Por outra banda, como consecuencia do proceso de renovación da acreditación, incluíuse no IRA unha nova acción de mellora (AM-8), destinada a analizar as causas das baixas taxas de rendemento dalgunhas materias do GLE; o informe xa foi realizado, con datos de toda a serie histórica ata o curso 2016-17, e permitiu comprobar que o problema non afecta a materias concretas, pois son diferentes en cada curso, así como reflexionar para buscar solucións no caso das que presentan unha taxa inferior ao 50%.

### DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

#### CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

#### 7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

##### 1. Demanda

Como se explicaba no apartado 1.1, a memoria de verificación do título contemplaba unha demanda de 30 alumnos en 2009-10 e 2010-11, 35 en 2011-12 e 40 en 2012-13 e 2013-14. O número de alumnos matriculados no GLE non só acadou desde o principio as expectativas iniciais, senón que mesmo as superou en todos os cursos académicos. As cifras demostran o atractivo da formación ofrecida e o éxito de implantación do título: a matrícula de novo ingreso foi de 92 alumnos en 2010-11, 76 en 2011-12, 72 en 2012-13, 72 en 2013-14, 74 en 2014-15, 68 en 2015-16 e 65 en 2016-17. A significativa demanda de prazas obrigou a fixar un límite de 50 prazas en Santiago e 25 en Lugo desde o curso 2011-12 e ata o curso 2016-17 (incluído). Malia que no grupo de Lugo non se cobren todas as prazas como sucede en Santiago, por mor das peculiaridades daquel campus, apréciase unha demanda consolidada. Cómpre sinalar que a Xunta de Galicia decidiu que, xa desde este curso 2017-18, o grupo de Lugo ten que ofertar 45 prazas (mínimo para os que a Administración galega considera «campus periféricos»), unha cifra inalcanzable, tal e como mostra a serie histórica de demanda do título en Lugo.

A evolución positiva rexistrada en Lugo nos cursos pasados foi consecuencia da aplicación de diferentes accións de mellora encamiñadas a aumentar a captación de alumnado na Facultade de Humanidades (AM1): distribución de material informativo nos centros de ensino secundario de Galicia (AM-1.1); entrevistas con orientadores dos centros e charlas diante de alumnos de Bacharelato (AM-1.2); difusión e publicidade de actividades en redes sociais e medios de comunicación (AM-1.3); participación do PDI do centro nas charlas do programa *A Ponte* (AM-1.4); visitas de estudantes de ensino medio á Facultade de Humanidades (AM-1.5); designación dun coordinador do programa *A Ponte* en Lugo (AM-1.6); colaboración institucional nas políticas de captación do alumnado (AM-1.7). Estas accións de mellora tiveron continuidade no último curso 2016-17.

O IRA incluíu a acción de mellora AM-11, para estimular a captación de alumnado. Porén, con posterioridade ao proceso de renovación da acreditación, a Xunta de Galicia anunciou a desaparición progresiva do grupo de Lugo, polo que este tipo de iniciativas xa non terán continuidade no futuro.

##### 2. Resultados

O apartado correspondente da memoria de verificación do título establece os indicadores que a titulación e a USC utilizan para valorar o progreso e os resultados da aprendizaxe. Ademais, o SGIC da Facultade de Filoloxía desenvolve estes aspectos no documento PC11 (avaliación da aprendizaxe) e procedementos asociados, e tamén respecto ás directrices 9 e 10 do programa FIDES-AUDIT.

– *Taxa de rendemento* (créditos superados con respecto aos matriculados). Na memoria de verificación o obxectivo fixado era do 77%, e os datos relativos á serie histórica amosan que todos os cursos se mantivo por riba desa porcentaxe, agás en 2014-15 e 2015-16, nos que foi lixeiramente máis baixa, aínda que nunca inferior ao 70%. No curso 2016-17 recuperou os valores previstos: 76,30%. É dicir, o GLE ten na actualidade unha taxa de rendemento lixeiramente inferior á establecida na memoria de verificación: débese vivir a súa posible evolución, pero non se desvía moito do previsto, polo que non parece representar un problema. Malia que o proceso de mellora resulta



evidente, no informe de renovación da acreditación do título propúxose unha nova acción de mellora (IRA, AM-8), para analizar a situación e, se for necesario, propor posibles intervencións.

– *Taxa de éxito* (créditos superados con respecto aos presentados). Do mesmo tipo son as conclusións que se tiran deste concepto. En 2016-17 a taxa foi do 87,19%, un valor semellante á media da USC, que se sitúa no 87,35%. Na serie histórica, convértese nun dos mellores resultados, tras os acadados nos cursos 2011-12 e 2012-13, cando estivo próxima ao 90%.

– *Taxa de avaliación* (créditos presentados con respecto a los matriculados). No último curso analizado, a taxa, un 87,52%, foi positiva, malia situarse dous puntos por debaixo da media da Universidade. Os bos resultados só foron superados pola taxa dos cursos 2012-13 e 2013-14.

– *Taxa de graduación*. Os primeiros datos desde a implantación do título rexistráronse no curso 2012-13, de tal xeito que só é posible apreciar a evolución nun período de catro anos, e a serie histórica evidencia fluctuacións, polo que non é posible falar aínda de tendencias consolidadas. A memoria de verificación establecía unha taxa de graduación do 60%, que o GLE non alcanzou no curso 2016-17, cando ficou no 44,62%, 12 puntos porcentuais por debaixo da media da USC, situada no 56,83%. A serie histórica reflicte valores do 50% en 2013-14, do 36,90% en 2014-15, do 67,69% en 2015-16 e de 44,62% en 2016-17. A pesar de non existir datos concluíntes por mor da limitada perspectiva temporal, os resultados non son positivos e deben ser vixiados e corrixidos. É posible que haxa que os relacionar coa porcentaxe importante de «non presentados» da materia do traballo fin de grao, antes comentada. Para mellorar os resultados neste aspecto, relacionado coas taxas de rendemento do TFG, neste informe de seguimento inclúese a AM-2, que pretende un coñecemento máis fondo dos problemas que afectan aos estudantes, en particular os de 4º, a través da coordinación dese curso.

– *Duración media dos estudos*. Nos últimos anos medrou a media de anos que os estudantes tardan en superar todos os créditos correspondentes ao plan de estudos, o que resulta coherente coa análise anterior da taxa de graduación. Non obstante, neste caso as cifras son razoables, pois mesmo en 2016-17, o ano coa media máis alta, esta foi de 4,82 anos, por debaixo da media da USC, 4,97 no último curso analizado.

– *Eficiencia dos titulados*. A taxa de eficiencia é moi elevada e supera as expectativas iniciais, pois alcanzou o 87,83% no curso 2016-17; se ben se constata un progresivo descenso nos últimos anos, débese notar que a taxa fixada na memoria de verificación, moi ambiciosa xa, situábase no 85%.

– *Taxa de abandono durante o primeiro curso*. No informe de seguimento do curso 2014-15 propuxéronse accións de mellora para dar a volta á tendencia ao aumento desta taxa, en particular a AM-4. Malia que este tipo de accións necesitan un percorrido de varios anos antes de que poidamos extraer conclusións fiables sobre a súa eficacia, ata o momento non semellan ter modificado a situación: no curso 2016-17, a taxa situouse no 25%, de tal xeito que case duplica a media na USC, o 14,48%. O problema localízase no grupo de Santiago, cunha porcentaxe do 28,26%, que en Lugo se reduce ata o 10%. Neste informe de seguimento inclúese a AM-2, relativa a este asunto, que pretende coñecer e evitar as causas do abandono, aumentando a comunicación cos estudantes, a través dos coordinadores de curso, especialmente o de 1º.

– *Taxa de abandono RD 1393/2007*. Aínda que nos últimos anos se corrixiron lixeiramente as elevadas taxas dos primeiros anos, o certo é que seguen a ser elevadas: en 2016-17 alcanzaron a porcentaxe do 27,69%, cinco puntos máis que na USC (30,19% en Santiago e 16,67% en Lugo). A taxa de abandono que se recollía na memoria de verificación era do 20%, polo que haberá que arbitrar mecanismos que permitan reducir os valores actuais.

En resumo, as taxas de rendemento, éxito e avaliación sitúanse en valores medios/altos en todos os cursos analizados e nos dous centros nos que se imparte o título; poñen de manifesto, polo tanto, un grao de eficacia medio/alto do alumnado e da institución no que atinxe á actividade académica. O cambio metodolóxico que no seu momento supuxo a xeneralización do novo sistema de ensino-aprendizaxe, tanto para os estudantes como para o profesorado, semella terse fornecido xa e podería explicar os bos resultados obtidos. As medidas implementadas a propósito das elevadas taxas de abandono, e as que se poidan acometer no futuro tamén sobre as taxas de graduación, poden corrixir as desviacións detectadas nos resultados do GLE.



### 3. Revisión e mellora

Existen numerosas evidencias de que os resultados obtidos son analizados e contribúen á implantación de estratexias e accións de mellora. En primeiro lugar, e no que respecta á demanda e aos datos de matriculación, cómpre mencionar a iniciativa que trouxo consigo o límite de prazas desde o curso 2011-12, nun intento de preservar a calidade docente, ou as diversas accións de mellora (citadas nas distintas memorias de seguimento, recompiladas no apartado 3.2 e relacionadas ao final do IRA) encamiñadas a incrementar a demanda no campus de Lugo. As taxas de rendemento, éxito e avaliación sitúanse un pouco por debaixo da media da USC, pero presentan niveis aceptables. A elevada taxa de abandono rexistrada no título requiriu a implantación de medidas que reduzan os niveis actuais; se ben pode estar relacionada co caso de alumnos que non elixiron estes estudos como primeira opción, é necesario seguir coas accións de mellora iniciadas nos cursos anteriores para revertir a tendencia. A taxa de graduación do curso 2016-17 tampouco foi positiva, polo que cómpre facer un seguimento especial dela nos vindeiros informes.

Cómpre salientar as iniciativas postas en marcha xa no curso 2014-15, con continuidade no plan de melloras actual, que se presentaron no autoinforme para a renovación da acreditación, para identificar as causas das elevadas taxas de abandono do GLE, como acción imprescindible para chegar a diminuílas (AM-4). Con este obxectivo, iniciouse o proceso de delimitación das razóns do abandono, obtendo información dos propios estudantes e tomando en consideración as porcentaxes existentes noutros títulos da USC e noutras universidades (AM-4.1); a partir da tarefa anterior, estanse buscando estratexias derivadas das reflexións realizadas, coa fin de mellorar as actuais taxas de abandono da titulación (AM-4.2).

### 7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

#### Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Dun modo xeral, pódese afirmar que os indicadores de satisfacción son positivos en todos os colectivos analizados, e moi particularmente no de estudantes e profesores. En todos os casos, a valoración supera as medias da USC, tamén no que respecta ás taxas de participación nas enquisas.

#### 1. Estudantes do GLE

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida é a expresión máis evidente dos bos resultados do título nos anos transcorridos desde a súa implantación. No último curso avaliado, 2016-17, os aspectos peor valorados sitúanse a centésimas dun 4, pero son moitos os ítems que superan esta puntuación. Os mellor valorados polos alumnos foron a resolución das dúbidas formuladas ao profesor (4,42), así como a axeitada explicación da programación e os criterios de avaliación ao comezo da actividade docente (4,40). A continuación figuran o cumprimento do programa e o plan de traballo previstos (4,35), a actitude receptiva dos docentes e a súa facilidade de comunicación cos estudantes (4,33) e tamén a utilidade da axuda recibida en titorías (4,29), o que demostra un axeitado seguimento da súa marcha tamén fóra da aula. En termos de valoración global da satisfacción dos estudantes, os resultados seguen a ser óptimos, cunha puntuación media de 4,15.

#### 2. Estudantes matriculados no TFG

A Facultade de Filoxía realiza enquisas de satisfacción dos estudantes co Traballo Fin de Grao desde o curso 2013-14. Malia que a participación aínda non é óptima e se debe incrementar, os seus resultados son unha evidencia máis do cumprimento das previsións da aprendizaxe no GLE. No curso 2016-17 contestaron á enquisa algo máis do 54% dos 37 alumnos que defenderon o seu traballo nas oportunidades de xullo e setembro de 2017 (na de febreiro non houbo ningunha defensa). Cómpre salientar que na primeira delas participou o 80% dos estudantes, un total de 16. Dos 20 alumnos que cubriron a enquisa, o 55% cursaba a modalidade *Minor* e o 45% o *Mayor Plus*. No que atinxe ao módulo complementario, o 19% cursaba *Linguas e Comunicación. Aplicacións*; o 14%, os de *Introdución á Lingua e Literatura Galegas e Lingüística e Procesamento das Linguas. Aplicacións*, en ambos os dous casos; o 10%, os de *Estudos Ingleses I, Lingua e Literatura Francesas I, Básico de Lingua e Literatura Italianas e Os Estudos Literarios na Actualidade*, nos catro casos. Finalmente, os módulos optativos coa taxa máis alta de estudantes eran os de *Lingüística e Procesamento das Linguas. Aplicacións e Estudos Ingleses II*, co 24 e o 14%, respectivamente.

### *Reparto de horas*

O cálculo da memoria do título adxudicaba ao TFG un valor de 12 créditos ECTS, isto é, unha dedicación de 300 horas totais. No curso 2016-17, dos 20 estudantes que responderon á enquisa, 11 (o 55%) consideraron que a carga asignada era correcta, e 9 (45%) dixeron que non o era, pois tiveron que utilizar máis horas. Curiosamente, esta posible falta de axuste non se fai evidente cando se analizan os resultados obtidos en cada unha das diferentes tarefas, nas que, polo menos, o 75% dos estudantes afirma que o cálculo é axeitado, pero a taxa chega ao 85% ou o 90% nalgúns ítems. As 8 horas previstas nas sesións de traballo co titor son correctas para o 90%; as 90 horas para lecturas, no 70%; as 1,5 horas de preparación da exposición oral, no 70%; as 0,5 horas da exposición oral, no 85%; e as 200 horas de traballo autónomo, no 85%.

### *Actividades formativas*

Entre as posibles actividades formativas presenciais interesantes para elaborar o TFG, os alumnos demandan maioritariamente as relacionadas coa presentación formal (citas, referencias bibliográficas, formatos...), como apuntan 16 dos 20 participantes (32%) na enquisa do curso 2016-17. A continuación figuran a xestión de recursos bibliográficos (21%), a redacción de documentos e as técnicas de exposición oral (18% nos dous casos). Para dar resposta a esta demanda de formación, nun aspecto que non é central entre as competencias do GLLE pero si interesante para a formación xeral, incluíuse unha nova acción de mellora (IRA, AM-9), para estudar e implantar actividades, así como outras accións que permitan ampliar a información previa que se ofrece aos estudantes sobre as liñas de traballo do TFG. En concreto, elaborouse un listado cos títulos dos TFG defendidos dentro de cada liña temática nas áreas de Lingua española e Literatura española, entre o primeiro ano de defensa de traballos (2012-13) e o curso 2016-17.

### *Competencias*

No que atinxe ao logro das competencias incluídas na guía docente da materia do TFG, así como as xerais e específicas da memoria do GLLE, os valores medios sitúanse por riba do 4, nun baremo comprendido entre 1 e 5. No caso das primeiras, os valores superan lixeiramente os rexistrados na Facultade de Filoloxía.

As competencias recollidas na guía do TFG que obtiveron as puntuacións máis altas son a capacidade para buscar e seleccionar información relevante (4,47); o uso dos coñecementos adquiridos ao longo dos estudos que sexan pertinentes para o obxecto do traballo e a integración con eles da nova información, así como a capacidade para identificar as limitacións ou carencias do traballo realizado e propoñer suxestións de cara ao futuro (4,3). O único ítem cunha valoración por debaixo de 4 é o dominio da expresión oral e escrita en distintos contextos (3,9).

A percepción do alumnado sobre a adquisición das competencias xerais atribuídas ao GLLE tamén é positiva, pois só 3 dos 10 ítems se situaron por debaixo de 4. Os tres mellor valorados foron o desenvolvemento de habilidades para aplicar os coñecementos e métodos para recoñecer, identificar e resolver problemas tanto no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios como no seu ámbito profesional (4,42); a capacidade de abstracción, síntese e análise a partir da descrición dos datos (4,32); e a capacidade para transmitir información, ideas, problemas e solucións sobre cuestións relativas á lingua e á literatura españolas a un público especializado e non especializado (4,26). O único ítem que obtén unha puntuación lixeiramente por debaixo de 3,5 é a habilidade no manexo de ferramentas informáticas e no uso de redes que permitan establecer contactos nacionais e internacionais (3,42).

No curso 2016-17, as catro competencias específicas consideradas superaron a puntuación de 4. A máis valorada entre as adquiridas foi a capacidade para realizar posteriores estudos especializados, tanto nunha disciplina filolóxica como en calquera das ciencias e técnicas que requiran bos fundamentos filolóxicos (4,26).

### *Dedicación dos titores*

No curso 2016-17, o 75% dos estudantes xulgo suficiente o número de horas de dedicación do titor (3,5 lectivas e 6,5 de titorías). Chama a atención que o 45% recoñeceron que tiveron máis de 10 reunións co titor; entre 4 e 6 e entre 7 e 10 representaron o 20% en cada caso. O tempo significativo de atención outorgada polos titores supérase aínda no que atinxe ao contacto a través do correo electrónico: o 70% en máis de 10 ocasións.

### *Información proporcionada polo centro*

Os resultados da enquisa no que atinxe á información sobre o TFG proporcionada polo centro son positivos. A

información administrativa contida na web obtivo un 3,79 no curso 2016-17; a utilidade dos documentos, de 3,63; e as xornadas informativas sobre o traballo, de 3.

#### *Satisfacción global*

A óptima valoración da satisfacción global do alumnado que realizou o TFG valida a idoneidade do proceso formativo: todos os ítems obteñen puntuacións por riba de 3,5, e algún deles mesmo se achega a 5. Debe salientarse especialmente a valoración da relación co titor do traballo, cun 4,95. O sistema de avaliación empregado e a satisfacción xeral coa realización do TFG acadan 4,26, mentres que a puntuación máis baixa corresponde á información recibida sobre o TFG, que, malia todo, chega ata 3,74.

Na Facultade de Humanidades de Lugo implantáronse no curso 2014-15 as enquisas de satisfacción respecto ao TFG, seguindo o modelo desenvolvido previamente en Santiago. A participación dos alumnos non foi boa: se no ano de implantación chegou ao 46,15% (6 de 13 estudantes), no curso 2015-16 foi só do 25% (1 de 4 alumnos), e no 2016-17 ningún dos estudantes que defendeu o seu TFG respondeu a enquisa. Diante destas taxas de participación, que deben ser incrementadas de xeito notable, non resulta posible obter datos para a análise.

### **3. Estudantes que participaron en programas de mobilidade**

A participación do alumnado participante en mobilidade saínte nas enquisas de satisfacción é aínda baixa (o 20% no curso 2016-17), pero pódese afirmar que en termos xerais os valores obtidos polo GLLE superan, nalgún aspecto de xeito notable, a puntuación media da USC; ademais, obsérvase unha melloría nos resultados dos tres últimos anos dispoñibles. Sobre a información previa aportada polos distintos servizos implicados, a media foi de 4, mentres que a da Universidade oscilou entre 3 e 3,71 no devandito curso académico. Os resultados son positivos no que atinxe ao propio intercambio, a estancia e os trámites relacionados co recoñecemento académico. O aspecto mellor valorado é a preparación lingüística antes e despois da estancia, cun 4; séguenlle, con 3,5, a orientación por parte do titor ou as infraestruturas na universidade de acollida; obtiveron un 3 os trámites, o recoñecemento académico dos estudos cursados fóra, a satisfacción xeral co programa de mobilidade e a posibilidade de recomendar o destino elixido a outros estudantes. De todos os xeitos, o feito de que os valores medios sexan máis altos na USC case en todos os ítems apunta á necesidade de seguir mellorando os servizos relacionados coa mobilidade.

Tamén son positivos os resultados das enquisas realizadas aos alumnos que participaron en programas de mobilidade entrante. Dos 25 alumnos que cubriron a enquisa da Facultade de Filoloxía, 17 cursaban estudos no GLLE. Non é posible coñecer as respostas referidas ao título en particular, pero apréciase a boa valoración xeneralizada: a totalidade dos estudantes recomendarían a outros a súa experiencia na USC; a satisfacción xeral co intercambio obtivo unha puntuación de 4,36 sobre 5; e a valoración sobre as instalacións e recursos do centro de acollida oscilaron arredor do 4 en todos os casos, obtendo un 4,16 no acceso a bibliotecas e materiais de estudo e un 3,88 na atención do profesorado. No que atinxe á axuda recibida, destaca a procedente do Servizo de Relacións Exteriores, 3,92, se ben hai que ter en conta que a dos coordinadores académicos só alcanzou un 2,76 e o grao de integración un 2,96. A elección da USC parece debida especialmente á súa oferta académica (o 48% nunha enquisa con respostas múltiples), á Oficina de Relacións Exteriores da universidade de orixe (40%) e á información facilitada por outros estudantes (28%). Finalmente, o 72% dispoñía de información previa sobre aloxamentos e o 36% sobre a vida social da cidade de acollida.

### **4. Egresados**

A valoración deste grupo de interese é moi positiva, pois sitúase arredor do 4 ou por riba deste valor na maioría dos aspectos avaliados, e sempre superior á media da USC. No último curso con datos, 2015-16, os enquisados outorgaron 4,29 á formación teórica recibida e 3,29 á práctica. En canto aos aspectos formativos mellor valorados no GLLE, cómpre salientar a capacidade para a aprendizaxe autónoma (4,14) e o pensamento crítico (4); a capacidade de análise, pola súa banda, obtivo un 3,86. Os que participaron en programas de mobilidade valoran cun 4 o seu impacto no conxunto da súa formación, igual que a satisfacción global co profesorado da titulación e a información nas actividades de acollida do centro e o título. Moi destacadas son tamén as puntuacións de servizos como a biblioteca, coa máxima nota (5), ou a cafetería (4,57), así como os materiais e infraestruturas do centro (4,29). Finalmente, obteñen resultados óptimos a información recibida na propia facultade (4,14) e a atención no decanato do centro (4).

### **5. Persoal académico**

O profesorado do GLLE testemuña un alto grao de satisfacción coa docencia impartida nos dous últimos cursos

académicos valorados, con taxas que se achegan ao 4 nunha escala de 1 a 5. En 2016-17, os valores medios do título foron de 3,93, cunha participación próxima ao 40% do colectivo (39,33%).

Debe sinalarse que a valoración máis baixa (3,31) correspóndese cun factor alleo ao funcionamento do propio título, o relativo ao nivel co que chega o alumnado. No resto dos casos, e agás algunha excepción, todas as preguntas obteñen valoracións por riba de 3,5, e deben salientarse aquelas que chegan ou superan o 4, porque ademais moitas veces reflicten unha evolución positiva respecto aos cursos anteriores: a coordinación entre os profesores da materia, con 4,32; a relación creada cos alumnos en clase e en titorías, un 4,21; o coñecemento sobre o nivel de comprensión dos alumnos, 4,11; a existencia de recursos necesarios para a docencia no centro, con 4,05; e a idoneidade dos servizos de apoio á docencia na Universidade, 4. Tamén son moi positivos os datos relativos ao interese do PDI por recibir formación de apoio relacionada coas novas tecnoloxías aplicadas á docencia, con valores do 79,31% en 2016-17; e pola formación de apoio didáctico e pedagóxico, co 73,28%.

No que atinxe á satisfacción do profesorado coa titulación, as cifras evidencian que en termos xerais supera a media da USC, aínda que as taxas de participación son baixas, do 20,48%. Os ítems relativos a obxectivos e competencias superaron o 4: o da información dispoñible sobre os obxectivos xerais e competencias do plan de estudos acadou puntuacións de 4,38 en Lugo e 4,25 en Santiago, un 4,31 de media, por riba da USC, situada en 4,13; os resultados foron semellantes en canto ás competencias do plan de estudos: 4,25 e 4,14, respectivamente, cunha media de 4,20 no GLE (3,96 na USC). Sobre a planificación e o desenvolvemento das ensinanzas, a organización temporal das materias do plan de estudos foi valorada cun 4 en Lugo e un 4,22 en Santiago (4,12 de media, 3,83 na USC); os horarios da titulación, tiveron un 4 de media, con grandes diferencias entre os campus (4,5 no de Lugo e 3,56 en Santiago), pero mellor que a media da USC (3,81); o calendario das probas de avaliación é un dos aspectos peor valorados, con 4,14 e 3,44, respectivamente (3,75 de media, fronte ao 3,88 da USC); pola súa banda, a proporción entre sesións teóricas e prácticas na titulación reflicte unha situación semellante á da USC, con 3,88 e 3,75 (3,81 de media no GLE e 3,82 na universidade); o desenvolvemento das ensinanzas da titulación acadou un 3,88 en Lugo e un 4,22 en Santiago (4,06 de media e 3,89 na USC); e finalmente, a coordinación entre as materias do plan de estudos obtén a peor cualificación: 3,25 e 3,44, respectivamente (3,35 de media, moi preto do 3,4 da universidade).

A enquisa preguntou tamén pola percepción do PDI sobre a coherencia dos criterios de asignación da docencia coa capacitación do persoal: en Lugo a puntuación chegou a 4,38, pero en Santiago situouse lonxe do 4, cun 3,44 (3,88 de media e 3,69 na USC). A valoración dos recursos materiais e servizos obtivo bos resultados en xeral, especialmente no relacionado co acceso a recursos bibliográficos. As aulas e o seu equipamento foron valoradas con 4,43 e 3,67, respectivamente (4,00 de media e 3,84 na USC); os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento, con 4,13 e 3,33 (3,71 de media e 3,58 na USC); os espazos destinados ao traballo autónomo do alumnado (salas de estudos, aulas de informática,...), con 3,75 e 3,33 (3,53 de media e 3,72 na USC); a dispoñibilidade de fondos bibliográficos recomendados na titulación, con 4,13 e 4,33 (4,24 de media e 4,15 na USC); e as plataformas de docencia virtual e ferramentas multimedia, con 4 nos dous campus, un pouco por debaixo da media na universidade (4,07).

Se nos fixamos nos ítems relacionados cos resultados obtidos polos alumnos do GLE, atopamos que o PDI xulga as competencias adquiridas cun 4 en Lugo e un 3,78 en Santiago, isto é, un 3,88 de media (3,73 na USC).

En canto á información que recibe o alumnado, a orientación valorouse cun 3,57 en Lugo e un 3,67 en Santiago (3,67 de media, 3,66 na USC); a orientación profesional e laboral, 3,50 e 3,38, respectivamente (3,44 de media, 3,59 na USC); a difusión de actividades extracurriculares, 3,75 e 4 (3,88 de media e 3,68 na USC).

Como se observa, os resultados son mellores en termos xerais no GLE ca na media obtida polos distintos ítems no conxunto dos graos da USC. A única excepción parece atoparse na satisfacción relacionada coa xestión da calidade: a información dispoñible obtivo un 3,57 en Lugo e un 3,67 en Santiago (3,63 de media e 3,75 na USC); as canles para realizar queixas, suxestións ou parabéns, 3,71 e 3,67, respectivamente (3,69 como media e 3,74 na USC); as vías de participación na mellora da calidade da titulación, 3,14 e 3,56 (3,38 de media e 3,59 na USC); a información pública dispoñible sobre a titulación, 4,29 e 3,78 (4 de media e 3,99 na USC).

## **6. Persoal de administración e servizos**

